



Grao en Historia

**Colectivizacións de terras, industrias  
e servizos na zona republicana na  
Guerra Civil Española (1936-1939)**

Manuel Urías Beiro Torres

Director: Emilio Francisco Grandío Seoane

Departamento de Historia Contemporánea e de América

Curso 2023/2024

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Xeografía e Historia da  
Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Historia

## Índice

Introdución – p. 4.

1. Estado da cuestión – p. 5.
2. As colectivizacións: caracterización – p. 10.
3. Antecedentes teóricos e prácticos – p. 14.
  - a. Formulacións colectivistas/socializadoras no movemento obreiro español – p. 14.
  - b. Realizacións prácticas: insurreccionalismo faísta e primeiras colectivizacións – p. 23.
  - c. A converxencia sindical (1934-1936)
4. Colectivizacións agrarias e industriais: diferenzas territoriais
  - a. As colectivizacións de industrias e da agricultura en Cataluña
  - b. Colectividades en Castela-A Mancha

Conclusións

Bibliografía

Resumo: Durante a Guerra Civil Española (1936-1939), na zona republicana desenvolveéronse unhas mudanzas políticas, sociais e económicas que podemos cualificar como revolucionarias, pola súa profundidade e porque se deberon á posición de poder na que as organizacións de carácter revolucionario (anarquistas e socialistas) quedaron naquelas zonas onde conseguiran derrotar coas súas armas aos militares sublevados en xullo de 1936, e a conseguinte debilidade na que quedou o Estado republicano. Neste traballo afondaremos no aspecto económico desa revolución, cuxa manifestación máis tanxíbel foron as colectivizacións que os sindicatos e partidos revolucionarios impulsaron tanto nas industrias e servizos das cidades e vilas como na agricultura e a gandaría do campo, onde traballaba a maioría da poboación activa española naquela época. Analizaremos os diversos aspectos que encerra este tema, desde as formulacións teóricas das que partían os seus promotores e os antecedentes prácticos ata a oposición que suscitaron, pasando pola súa implantación, funcionamento cotián e problemas internos e externos, centrándonos territorialmente nas rexións de Cataluña e Castela-A Mancha, debido ás diferentes características que tivo o proceso colectivizador nestas zonas.

Resumen: Durante la Guerra Civil Española (1936-1939), en la zona republicana se desarrollaron unos cambios políticos, sociales y económicos que podemos calificar como revolucionarios, por su profundidad y porque se debieron a la posición de poder en que las organizaciones de carácter revolucionario (anarquistas y socialistas) quedaron en aquellas zonas donde habían conseguido derrotar con sus armas a los militares sublevados en julio de 1936, y la consiguiente debilidad en que quedó el Estado republicano. En este trabajo profundizaremos en el aspecto económico de esa revolución, cuya manifestación más tangible fueron las colectivizaciones que los sindicatos y partidos revolucionarios impulsaron tanto en las industrias y servicios de las ciudades y villas como en la agricultura y la ganadería del campo, donde trabajaba la mayoría de la población activa española en aquella época. Analizaremos los diversos aspectos que encierra este tema, desde los planteamientos teóricos de los que partían sus promotores y los antecedentes prácticos hasta la oposición que suscitaron, pasando por su implantación, funcionamiento cotidiano y problemas internos y externos, centrándonos territorialmente en las regiones de Cataluña y Castilla-La Mancha, debido a las diferentes características que tuvo el proceso colectivizador en estas zonas.

Abstract: During the Spanish Civil War (1936-1939), political, social and economic changes took place in the republican zone which can be described as revolutionary because of their depth and because they were due to the position of power in which the revolutionary organisations (anarchists and socialists) were left in those areas where they had managed to defeat the military rebels with their weapons in July 1936, and the consequent weakness of the republican state. In this paper we will examine the economic aspect of that revolution, the most tangible manifestation of which were the collectivisations that the trade unions and revolutionary parties promoted both in the industries and services of the cities and towns and in agriculture and livestock farming in the countryside, where the majority of the Spanish workforce worked at the time. We will analyse the various aspects involved in this subject, from the theoretical approaches of its promoters and the practical background to the opposition it aroused, including its implementation, day-to-day functioning and internal and external problems, focusing on the regions of Catalonia and Castile-La Mancha, due to the different characteristics of the collectivisation process in these areas.

Palabras clave: Guerra Civil Española, colectivizaciones, Confederación Nacional do Trabajo, revolución española de 1936, movemento obreiro

Palabras llave: Guerra Civil Española, colectivizaciones, Confederación Nacional del Trabajo, revolución española de 1936, movimiento obrero

Keywords: Spanish Civil War, collectivisations, Confederación Nacional del Trabajo, 1936 Spanish revolution, workers' movement

## **Introdución**

Desde o campo de Fuentealbilla (Albacete) até os tranvías de Barcelona, media España experimentou durante dous ou tres anos unha serie de transformacións de carácter revolucionario. Un dos ámbitos onde estas mudanzas tiveron un maior alcance foi o económico: os obreiros organizados en partidos e sindicatos, unha vez que derrotaron o golpe militar en boa parte das cidades do país, lanzáronse a tomar os medios de produción, decidiron converterse nos amos das empresas nas que traballaban, ante a fuxida dos patróns, que apoiaran o golpe militar ou gañaran o odio dos seus obreiros. No campo pasou algo parecido: despois da fuxida ou asasinato dos principais terratenentes do campo español, os sindicatos agrícolas revolucionarios, bastante combativos durante a República, incautaron as súas terras e pasaron a explotalas de forma colectiva. Todo isto non se deu por arte de maxia, senón que é froito duns ideais que durante as décadas anteriores boa parte dos obreiros e campesiños españois foran coñecendo e asumindo. Este fenómeno é o que se coñece como colectivizacións.

Non obstante, a pesar da particularidade deste proceso histórico, polo que supón de ruptura co modelo económico capitalista vixente por entón en España, ocupa un lugar totalmente secundario na historia da nosa Guerra Civil. Case non é mencionado nos manuais escolares; nin sequera se fala del nas aulas da nosa facultade. Encher este silencio, suplir este baleiro, até certo punto incomprendible, é o obxectivo deste traballo. Pretendemos averiguar por que millares de españois se lanzaron a explotar as súas terras ou empresas colectivamente, por que decidiron converterse en amos sen ter a mínima formación empresarial. Queremos coñecer que os levou a colectivizar os seus lugares de traballo a partir do 19 de xullo de 1936, e cales foron as condicións que lles permitiu facelo. Queremos comprender como funcionaba aquel intento de sociedade alternativa, de modelo económico alternativo tanto ao capitalismo imperante entón e hoxe en día como ao socialismo real presente en Europa durante boa parte do século XX. O proceso de colectivizacións que se deu na zona republicana ten un gran valor, porque representa o intento de construción dun modelo económico propio, non é copia de ningún existente na época. Sen esquematismos, renunciando ás veces a dogmatismos, moitos obreiros e campesiños procuraron construír a revolución, realizar o que sempre soñaran: a súa

emancipación como clase. Pretendemos, polo tanto, botar luz sobre unha habitación escura da gran casa da Guerra Civil Española.

### 1. Estado da cuestión

Para analizar a historiografía das colectividades hai que ter en conta que, debido aos enfrontamentos entre as distintas opcións políticas que se daban na retagarda republicana, as realizacións colectivistas estiveron no centro da polémica, sendo obxecto de debate político. É que a práctica revolucionaria que acompañou os primeiros meses da guerra foi vista como un test da efectividade dunha revolución que se converteu no principal aval libertario no mundo. Isto fai que sexa un tema fundamental de referencia para as organizacións e persoas -tamén historiadores- que postulan a validez do discurso libertario. Boa parte da propaganda anarquista baséase nun discurso historicista que ten na revolución de 1936 un dos seus puntos de referencia. Isto provocou que organizacións e grupos libertarios mantivesen un ritmo notábel de publicacións sobre o tema, con puntos positivos como a edición de documentos ou a achega de testemuñas, mais tamén con aspectos negativos como tentar preservar a vixencia do ideal anarquista, mitificando e glorificando as realizacións revolucionarias e atacando aquelas aproximacións máis críticas ao tema. Ademais, estas aproximacións móvense nun nivel sobre todo descritivo. Exemplos son as obras de Agustín Souchy (*Entre los campesinos de Aragón. El comunismo libertario en las comarcas liberadas e Colectivizaciones. La obra constructiva de la revolución española*, xunto con Paul Folgare, ambas publicadas en 1937) e Gaston Leval (*Colectividades libertarias en España*), que tentan unha sistematización mais non lograron achegar unha análise histórica satisfactoria. Tamén as obras dos cenetistas José Peirats (*La CNT en la Revolución Española (1951-53)*) e *Los anarquistas en la crisis política española (1964)*) e Diego Abad de Santillán (*Por qué perdimos la guerra*, 1940). A súa visión da guerra era dualista: ou fascismo ou revolución social; e as súas críticas ás colectivizacións eran “internas”, sen cuestionar o propio proceso<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Cattini, Giovanni C. e Carles Santacana, “El anarquismo durante la Guerra Civil. Algunas reflexiones historiográficas”, *Ayer*, no. 45, 2002, pp. 199-200; Bernecker, Walther L., “El anarquismo en la guerra civil española. Estado de la cuestión”, *Cuadernos de historia contemporánea*, no. 14, 1992, p. 94.

Por outra parte, os comunistas e algúns socialistas, xa na propia guerra, intentaron impedir e agochar o fenómeno revolucionario que se desenvolvera na retagarda republicana, mediante a censura aos xornalistas estranxeiros. O Partido Comunista de España (PCE) interpretaba a contenda como unha “guerra de liberación nacional-revolucionaria” contra o fascismo nacional e estranxeiro, facendo un paralelismo coa Guerra de Independencia de 1808. A mudanza socioeconómica na zona republicana sería non froito dunha situación revolucionaria, senón da culminación da “revolución democrático-burguesa” iniciada en España en 1931. A colectivización da economía foi descualificada como un descalabro económico e moral, e a autoorganización política dos comités foi cualificada como unha prolongación do despotismo caciquil. Na historia “oficial” do PCE -*Guerra y revolución en España*, 1960- cualificouse o “comunismo libertario” da guerra como “un período de robo sistemático, de expropiacións por la violencia y de brutales exacciones”. Unha liña parecida seguiron os republicanos, que querían dar unha imaxe de normalidade democrática da República, para manter a súa respectabilidade ante o liberalismo democrático internacional. Ambas opcións políticas querían facer ver a guerra española como unha guerra entre a democracia e o fascismo, un relato no que a revolución social non tiña cabida.

E por suposto, a historiografía franquista silenciou o fenómeno revolucionario: debía ser esquecido. O esquema seguido para a guerra civil era o de enfrontamento entre a España “verdadeira” e o comunismo e o ateísmo. Ademais, os arquivos permanecían pechados e os libros de historia -coma todos- eran censurados, para preservar a versión “oficial”<sup>2</sup>.

Como consecuencia, a historia da guerra civil foi escrita por hispanistas estranxeiros, principalmente anglosaxóns, cunha visión moi crítica das realizacións revolucionarias<sup>3</sup>. Un deles, Burnett Bolloten, proporciónanos un relato desapaixonado das colectividades agrarias<sup>4</sup> (*The Grand Camouflage. The Communist Conspiracy in the Spanish Civil War*,

---

<sup>2</sup> Cattini, Giovanni C. e Carles Santacana, *op. cit.*, p. 202; Pérez Baró, Albert, *Treinta meses de colectivismo en Cataluña (1936-1939)*, Ariel, Esplugues de Llobregat, 1974, p. 143; Bernecker, Walther L., *op. cit.*, pp. 92-93, 95.

<sup>3</sup> *Ibid.*, p. 93.

<sup>4</sup> Cárdbaba Carrascal, Marciano, *Colectividades agrarias en las comarcas de Girona, 1936-1939*, Tese de doutoramento, Universitat de Girona, 2001, p. 11.

1961, ampliado co paso dos anos<sup>5</sup>). Outras obras destacadas foron as de Pierre Broué e Émile Témime (*La Revolución y la Guerra de España*, 1962)<sup>6</sup>, John Brademas (*Anarcosindicalismo y revolución en España (1930-1937)*, 1974)<sup>7</sup>, Hugh Thomas, Gabriel Jackson etc.

O estudo específico das colectivizacións comezou a recibir maior atención a finais dos anos 1970, co fin da ditadura franquista e a apertura dos arquivos, e tamén ao calor da “moda” da *autoxestión* da época. A primeira síntese global do movemento colectivista foi a de Frank Mintz, desde o punto de vista da historia militante: *La colectivización en España de 1936 a 1939*, publicado en París en 1970, ampliado cos anos<sup>8</sup> até culminar en *Autogestión y anarcosindicalismo en la España revolcuionaria*, publicado en Bos Aires en 2008. Desde o punto de vista legal, temos o estudo de Albert Pérez Baró sobre Cataluña, *Treinta meses de colectivismo en Cataluña* (1974); sobre o mesmo marco territorial, J. M<sup>a</sup> Bricall trata o tema desde o prisma da historia económica (*Política econòmica de la Generalitat (1936-1939)*, 1970). Outro estudo global foi o do alemán Walther L. Bernecker, sintetizado en varios libros<sup>9</sup>, do cal o máis coñecido é *Colectividades y revolución social. El anarquismo en la guerra civil española, 1936-1939* (1982).

A partir de aí, daríase paso a estudos rexionais: o de José Luis Gutiérrez Molina para as colectividades anarquistas castelás (*Colectividades libertarias en Castilla*, 1977), Luis Garrido González para o agro xienense (*Colectividades agrarias en Andalucía: Jaén (1936-1939)*), Aurora Bosch para o País Valencià (*Ugetistas y libertarios: Guerra civil y Revolución en el País Valenciano, 1936-1939*, 1983), Julián Casanova para Aragón (*Anarquismo y revolución en la sociedad rural aragonesa, 1936-1938*, 1985) e Natividad

---

<sup>5</sup> Aróstegui, Julio, “Burnett Bolloten y la Guerra Civil Española: La persistencia del “Gran Engaño””, *Historia Contemporánea*, no. 3, 1990, pp. 153, 156.

<sup>6</sup> Sebastián Ibarrola, David e Juan Ignacio Torres Aimú, “Broué, Pierre y Témime, Emile (1962) *La Revolución y la Guerra de España*. México D.F.: Biblioteca Actual. Tomos I y II. 711 páginas”, *Cuadernos de Marte*, no. 11, Vol. 2, 2016, pp. 38-40.

<sup>7</sup> Serrano Villafañe, Emilio, “JCHN BRADEMAS : *Anarcosindicalismo y revolución en España (1930-1937)*. Traducción castellana de J. ROMERO MAURA. Editora Ariel. Esplugas de Llobregat, 1974; 295 págs.”, *Revista de Estudios Políticos*, no. 211, 1977, pp. 287-289.

<sup>8</sup> Alba, Víctor, *Los colectivizadores*, Laertes, Barcelona, 2001, pp. 17-18; Bernecker, Walther L., *op. cit.*, p. 101.

<sup>9</sup> *Ibid.*

Rodrigo para o agro castelán-manchego (*Las colectividades agrarias en Castilla-La Mancha*, 1985). Estes estudos mostraron que non existiu un modelo único de colectivización. Outro estudo destacábel é o de Xavier Paniagua sobre o pensamento económico do anarquismo hispano (*La sociedad libertaria. Agrarismo e industrialización en el anarquismo español*, 1982)<sup>10</sup>.

O cincuentenario da guerra provocou unha efervescencia nas publicacións sobre o conflito, á cal non permaneceu alleo o noso tema. Destaca a recompilación dos estudos feitos sobre o tema a cargo de Casanova (*El sueño igualitario: campesinado y colectivizaciones en la España republicana*, 1988) e o libro coordinado por Julio Aróstegui froito do congreso castelán-leonés de 1986 (*Historia y memoria de la Guerra Civil. Encuentro en Castilla y León*, 1988)<sup>11</sup>.

A partir de aquí, non houbo posteriores esforzos de expor o problema na súa complexidade, malia a existencia de estudos locais. Un precursor foi o estudo de Encarnita e Renato Simoni sobre o lugar de Cretas (Aragón), presentado na Universidade de Xinebra en 1977. O libro *Col·lectivitzacions al Baix Llobregat 1936-1939* (1989) reunía varias monografías que ilustraban o proceso de colectivización nesta comarca catalá. As publicacións de Antoni Castells privilexiaban as colectivizacións na industria e os servizos de Barcelona (*Les col·lectivitzacions a Barcelona 1936-1939*, 1993) e o proceso de estatización que sufriron (*El proceso estatizador en la experiencia colectivista catalana (1936-1939)*, 1996)<sup>12</sup>.

Podemos mencionar outros dous estudos puntais no ámbito catalán sobre a colectivización de industrias, que destacan pola investigación profunda e o uso adecuado das fontes: o de Anna Monjo e Carme Vega (*Els treballadors i la guerra civil. Història d'una indústria catalana col·lectivitzada*, 1986) e a tese de doutoramento de José Borao (*El impacto de la guerra civil en la economía del Vallès Occidental (1936-1939)*, 1989). O propio Borao critica as obras de Mintz, Paniagua, Bernecker e Gabriele Ranzato pola

---

<sup>10</sup> *Ibid.*, pp. 101-102.

<sup>11</sup> Cattini, Giovanni C. e Carles Santacana, *op. cit.*, pp. 206-207.

<sup>12</sup> *Ibid.*, pp. 207-208; Puig Vallverdú, Guillem, *La pagesia i la seva revolució. Una anàlisi sobre la conflictivitat i el canvi a la rereguarda catalana durant la Guerra Civil, 1936-1939*, Universitat Rovira i Virgili, Tese de Doutoramento, 2020, pp. 38-39.

súa sobrevaloración dos testemuños contemporáneos, o uso de documentos de forma descontextualizada da historia da empresa ou a utilización de informacións imprecisas, incompletas ou erróneas. Tamén matiza a presunta “dirección obreira”, xa que os técnicos terían xogado un rol esencial<sup>13</sup>.

Un ensaio que trata as colectivizacións barcelonesas, desde o punto de vista dunha historia da resistencia ao traballo, é *Los obreros contra el trabajo. Barcelona y París bajo el Frente Popular*, de Michael Seidman.

A partir da década de 1990, as colectivizacións deixaron de atraer á historiografía, principalmente pola crise do materialismo histórico como modelo de análise na historia social. Nos anos 2000, aparece por primeira vez un estudo monográfico sobre a colectivización agraria en Cataluña: *Campesinos y revolución en Cataluña. Colectividades agrarias en las comarcas de Girona, 1936-1939*, de Marciano Cárdbaba (2002), que ás veces semella unha volta ás visións antilóxicas de revolución ou guerra<sup>14</sup>. En Ciudad Real, por esas datas publicouse un libro que trata o tema desde o punto de vista da historia do Dereito: *Colectividades agrarias en la provincia de Ciudad Real*, de Iván J. Trujillo Díez<sup>15</sup>. En 2009 aparece un estudo sobre Aragón desde o punto de vista da historia militante, mais realizado por un historiador académico: *Trabajan para la eternidad. Colectividades de trabajo y ayuda mutua durante la Guerra Civil en Aragón*, de Alejandro Díez Torre<sup>16</sup>. Volvendo ao rural catalán, aparecen a partir de 2016 os estudos de Antoni Gavaldà, centrados na comarca de Valls<sup>17</sup>. O máis recente é tese de doutoramento de Guillem Puig Vallverdú, *La pagesia i la seva revolució* (2020).

## 2. As colectivizacións: caracterización

---

<sup>13</sup> Venza, Claudio, “Il sogno collettivista. Recenti studi sull’esperienza autogestionaria nella guerra civile spagnola”, *Spagna contemporanea. Revista semestrale di storia, cultura, istituzioni*, no. 1, 1992, pp. 101-102, 105-106.

<sup>14</sup> Puig Vallverdú, Guillem, “La terra en comú. La colectivització agrària a Catalunya durant la Guerra Civil, 1936-1939”, *Segle XX. Revista catalana d’història*, no. 13, 2020, pp. 55-56.

<sup>15</sup> Beltrán de Felipe, Miguel, “El Derecho y la Guerra Civil española. La colectivización del campo en La Mancha, 1936-1939”, *Revista de Estudios Políticos*, no. 127, 2005, p. 179.

<sup>16</sup> Gutiérrez Molina, José Luis, “Díez Torre, Alejandro R., *Trabajan para la eternidad. Colectividades de trabajo y ayuda mutua durante la Guerra Civil en Aragón*. Madrid, La Malatesta Editorial/ Prensas Universitarias de Zaragoza, 2009, 540 pp.”, *Historia Actual Online*, no. 20, 2009, pp. 213-215.

<sup>17</sup> Puig Vallverdú, Guillem, *La pagesia i la seva revolució...*, pp. 43-44.

Durante a propia guerra e posteriormente, tanto protagonistas como diversos historiadores tentaron definir o significado da palabra “colectivización” no contexto da revolución social que se desenvolveu na retagarda republicana a partir de xullo de 1936, unha palabra que non aparecía nos programas dos partidos e sindicatos obreiros. Joan P. Fàbregas, economista pertencente á CNT e *conseller* de Economía da Generalitat entre setembro e decembro de 1936, definiu o colectivismo, en esencia, como o sistema económico que consiste en facer de propiedade colectiva todos os medios de produción<sup>18</sup>. Víctor Alba, testemuña do proceso de colectivización e socialización en Cataluña, definiu as colectivizacións posteriormente como “un nuevo sistema de propiedad (y propiedad privada en una forma innovadora) de los medios de producción”<sup>19</sup>. Pola súa parte, Marciano Cárdbaba, historiador que investigou sobre as colectividades agrarias xironesas, definiu o colectivismo como “un sistema de organización social del trabajo que, a diferencia del capitalismo, no admite la propiedad privada de los medios de producción y, a diferencia del comunismo estatista, sí acepta la posición individual o colectiva del fruto del propio trabajo”<sup>20</sup>. Pola súa banda, Antoni Castells, no seu estudo sobre as colectivizacións de industrias e servizos en Barcelona e a súa provincia, introduce o matiz de que a colectivización consiste en que a propiedade da empresa pasa a ser do conxunto da sociedade, diferenciándose así da cooperativa, na que a propiedade recaía exclusivamente nos seus traballadores<sup>21</sup>.

Aínda que estas definicións non necesariamente coincidan e incluso teñan elementos contraditorios entre si, o que é claro é que a característica común é que nas empresas e terras colectivizadas, a xestión recaía nos propios traballadores ou campesiños, que delegaban a dirección a un comité ou consello de administración da empresa ou colectividade agrícola, cuxas accións estaban sometidas a unha asemblea de todos os traballadores, que era a que elixía os propios directivos<sup>22</sup>.

---

<sup>18</sup> Fàbregas, Joan P., *Els factors economics de la revolució*, Bosch, Casa Editorial, Barcelona, 1937, p. 150.

<sup>19</sup> Alba, Víctor, *op. cit.*, p. 17.

<sup>20</sup> Cárdbaba Carrascal, Marciano, *op. cit.*, p. 83.

<sup>21</sup> Castells Duran, Antoni, *Les col·lectivitzacions a Barcelona 1936-1939*, Hacer, Barcelona 1993, pp. 27, 29.

<sup>22</sup> *Ibid.*, pp. 36, 38; Rodrigo González, Natividad, *Las colectividades agrarias en Castilla-La Mancha*, Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha, Toledo, 1985, pp. 70, 72.

Outra das claves das colectivizacións na zona republicana na Guerra Civil é que estas foron impulsadas maioritariamente polos sindicatos maioritarios na España da época: a Confederación Nacional del Trabajo (CNT), sindicato anarquista; e a Unión General de Trabajadores (UGT), sindicato socialista -mais no que os comunistas tiñan tamén presenza, a cal aumentará durante a guerra na zona republicana-, e nomeadamente a súa federación agrícola, a Federación Española de Trabajadores de la Tierra (FNTT), que vai ter un papel decisivo nas colectivizacións agrarias no centro e o sur da zona republicana. Mais estas organizacións non foron as únicas que participaron as colectivizacións: o PCE, a pesar de oporse desde os órganos gobernamentais ás colectivizacións tal como as estaban levando a cabo os sindicatos, tamén impulsou as súas propias colectividades agrícolas, na provincia de Ciudad Real<sup>23</sup>. O outro partido marxista presente na zona republicana, o POUM -que tiña presenza nomeadamente en Cataluña-, apoiou as colectivizacións de industrias e servizos en Barcelona, e desenvolveu unha colectividade agrícola en Lleida<sup>24</sup>. Tamén en Cataluña, a Unió de Rabassaires (UdR), o sindicato que representaba os intereses dos parceiros que cultivaban vides en réxime de enfiteuse nas marxes de certas grandes fincas, e que durante a República intentaron conseguir a propiedade desas terras<sup>25</sup>, desenvolveu cinco colectividades propias e participou en varias máis. Pola súa banda, os partidos republicanos, -ERC, Unión Republicana (UR), Izquierda Republicana (IR)-, a pesar de non defenderen posicións colectivistas e de tentaren controlar o proceso desde os poderes centrais, a nivel local, se ben non desenvolveron colectividades propias, participaron nalgunhas das formadas polos sindicatos<sup>26</sup>.

Á parte disto, Antoni Castells lémbraunos que para os anarquistas da CNT e da Federación Anarquista Ibérica (FAI), no caso da colectivización das empresas, esta era só o punto de partida na socialización da economía de abaixo arriba, sendo o seguinte paso a constitución de agrupacións de empresas dun mesmo sector a nivel local, o cal, se ben

---

<sup>23</sup> Trujillo Díez, Iván Jesús, “El colectivismo agrario comunista en Ciudad Real”, *Añil Cuadernos de Castilla-La Mancha*, no. 27, 2004, p. 35.

<sup>24</sup> Alba, Víctor, *op. cit.*, pp. 125-126, 255.

<sup>25</sup> Thomas, Hugh, *La Guerra Civil española*, Debolsillo, 2011, pp. 104-105.

<sup>26</sup> Puig Vallverdú, Guillem, “Les col·lectivitats agràries a la Ribera d’Ebre durant la Guerra Civil (1936-1938)”, *Miscel·lània del CERE*, no. 26, 2016, pp. 159-160.

non tivo tanta extensión como as simples colectivizacións<sup>27</sup>, alcanzouse en certos casos: o sector dos espectáculos públicos en Barcelona<sup>28</sup>, a industria téxtil de Valencia e a súa comarca e a de Alcoi, ou a industria metalúrxica nesta última cidade, en Alacante ou en Castellón<sup>29</sup>, por pór só uns exemplos. Estas agrupacións, igual ca as empresas colectivizadas, eran xestionadas polos traballadores a través dos sindicatos de ramo das centrais sindicais presentes no sector. As empresas deixaban de existir como tal e traspasaban o seu activo e o seu pasivo, así como o cadro de persoal, á agrupación<sup>30</sup>.

O último paso de cara á socialización global da economía, para os anarquistas, era a coordinación e planificación da actividade produtiva dos diversos grupos industriais. Este paso non chegou a darse nunca, xa que os anarquistas non dominaban as institucións, e ademais foron perdendo terreo durante a guerra<sup>31</sup>.

Por outra banda, este fenómeno colectivizador á marxe do Estado non foi único da España republicana na Guerra Civil, senón que tamén se desenvolveu na Comuna de París, na Revolución Mexicana (entre 1910 e 1917), na Ucraína de Nestor Makhno ou nos *kibutzim* israelís<sup>32</sup>. Asemade, temporalmente débese enmarcar como unha das distintas alternativas a un modelo capitalista liberal en crise no período de entreguerras, xunto co socialismo de Estado na URSS, o fascismo italiano e o nazismo alemán, ou o New Deal nos Estados Unidos<sup>33</sup>.

Para finalizar, non podemos esquecer que as colectivizacións se insiren no proceso revolucionario que se desenvolveu naquelas zonas onde os obreiros organizados foran protagonistas no fracaso do alzamento, é dicir, en boa parte da que logo sería a zona republicana. Xunto co xurdimento dos comités –revolucionarios, de defensa, de abastos–, as “patrullas de control” e as milicias que inmediatamente despois do fracaso do golpe

---

<sup>27</sup> Castells Duran, Antoni, *El proceso estatizador en la experiencia colectivista catalana (1936-1939)*, Nossa y Jara, Madrid, 1996, p. 14.

<sup>28</sup> Alba, Víctor, *op. cit.*, pp. 262-263, 267, 269.

<sup>29</sup> Bosch Sánchez, Aurora, *Ugetistas y libertarios. Guerra civil y Revolución en el País Valenciano, 1936-1939*, Institució “Alfons el Magnànim” Diputació Provincial de València, Valencia, 1983, pp. 23-27.

<sup>30</sup> Castells Duran, Antoni, *El proceso estatizador en la experiencia colectivista catalana...*, p. 14.

<sup>31</sup> *Ibid.*, pp. 14-15.

<sup>32</sup> Ovejero, Anastasio, “Las colectividades libertarias en España (1936-1938): un caso de autogestión obrera único en la historia moderna”, *Athenea Digital*, Vol. 17, no. 2, 2017, p. 214.

<sup>33</sup> Castells Duran, Antoni, *Les col·lectivitzacions a Barcelona 1936-1939*, p. 15.

nas principais cidades partiron cara ás zonas onde este triunfara, as colectivizacións foron a manifestación no plano económico dunha situación revolucionaria na que as masas obreiras, agora armadas, e as organizacións que representaban a estas tomaron o control, polo menos en parte, da situación, tamén debido á inoperancia do Estado republicano, incapaz de responder adecuadamente ao alzamento militar. En Madrid, en Barcelona, en Valencia, foron principalmente os obreiros, organizados nas súas centrais sindicais e os seus partidos, os que derrotaron á insurrección.

### **3. Antecedentes teóricos e prácticos**

Se ben o fenómeno das colectivizacións que tratamos neste traballo se desenvolveu a partir do fracaso parcial do golpe militar de xullo de 1936, para enténdelo non nos debemos limitar a este detonante inmediato, senón que necesitamos comprender as ideas que tiñan os axentes colectivizadores -traballadores e campesiños organizados en organizacións políticas e sindicais-, é dicir, por que decidiron usar a posición de poder que adquiriran para facer a revolución. Isto podémolo averiguar examinando tanto as ideas sobre colectivización e socialización que o movemento obreiro español fora asimilando nas décadas anteriores, como analizando os intentos anteriores de implantar na vida real esas ideas.

#### **a. Formulacións colectivistas/socializadoras no movemento obreiro español**

Para comezar, debemos puntualizar que os anarquistas colectivistas<sup>34</sup> -organizados na CNT e na FAI- e os socialistas e marxistas -organizados no PSOE, a UGT (e dentro desta, na FNTT, fundada en 1930<sup>35</sup>), o PCE e o POUM- tiñan concepcións moi distintas sobre a organización da futura sociedade unha vez que triunfase a revolución pola que ambas ideoloxías apostaban.

No caso dos anarquistas, debemos remontarnos a finais do século XIX. A idea da revolución social fora formulada pola I Internacional a finais da década de 1860: “ésta [a

---

<sup>34</sup> Non todos os anarquistas eran colectivistas: dentro do anarquismo existía unha corrente individualista, mais na España dos anos 1930 esta era minoritaria (Castells Duran, Antoni, *El proceso estatizador en la experiencia colectivista catalana...*, p. 17).

<sup>35</sup> Rodrigo González, Natividad, *op. cit.*, p. 29.

igualdade política] sin la igualdad económica, no es más que una mentira [...] La igualdad real [...] no puede ser obtenida más que por la revolución social”; “La emancipación de los trabajadores ha de ser por forma de los trabajadores mismos”. Pola súa parte, o programa da Alianza da Democracia Socialista de Mikhail Bakunin dicía:

“La Alianza [...] quiere la abolición de la propiedad individual [...], a fin de que en el porvenir sea el goce proporcional a la producción de cada uno, y que [...] la tierra y los instrumentos de trabajo, como cualquier otro capital, llegando a ser propiedad colectiva de la sociedad entera, no puedan ser utilizados más que por los trabajadores, por las asociaciones agrícolas e industriales. [...] no reconoce ninguna forma de Estado y rechaza toda acción revolucionaria que no tenga por objeto inmediato y directo el triunfo de la causa de los trabajadores contra el capital; [...] estableciéndose la unión universal de las libres asociaciones, tanto agrícolas como industriales”<sup>36</sup>.

No tramo final do século, tanto nos escritos de Anselmo Lorenzo, un dos maiores teóricos do anarquismo español decimonónico, como na liña editorial de *La Revista Blanca*, víñase insistindo na “abolición de la propiedad individual” e en que “la tierra y los instrumentos de trabajo, como cualquier otro capital, llegando a ser la propiedad colectiva de la sociedad entera, no pueden ser utilizados más que por los trabajadores, es decir, por las asociaciones agrícolas e industriales”. Á propiedade, moi ligada na súa concepción e na contorna económica e social da que se fala, á dos bens inmóbeis e sobre todo á da terra, facíasele responsábel de males alén dos puramente económicos; e a súa conversión en propiedade colectiva tería carácter tanto de antídoto como de previsión. No Congreso de Zaragoza de inicios da década de 1870 avogábase pola *colectivización* como a única forma de erradicar a orixe do mal:

“Sólo bajo la forma colectiva puede ser organizada la producción en justicia... declaramos de urgente necesidad esta social revolución, basada en la organización del trabajo, en la propiedad colectiva de la tierra y de los instrumentos de trabajo... destruyendo todas las causas de explotación, miseria e ignorancia... Transformada la propiedad actual de la tierra y de los instrumentos de trabajo en propiedad colectiva de la sociedad entera, la herencia quedaría abolida naturalmente... El que quiera comer que trabaje”.

---

<sup>36</sup> Peirats, José, *La CNT en la revolución española*, Ruedo ibérico, París, 1971, pp. 2-3, tomo 1.

Debemos remarcar que nestes ataques iniciais á propiedade individual aínda había grandes similitudes entre marxistas e anarquistas; mais os últimos centráranse no mundo urbano e deixarán de lado o campo, polo menos ata o Congreso de 1896, mentres que dentro do anarquismo, Bakunin e Ricardo Mella propugnan o colectivismo. O primeiro intuía a forza revolucionaria do campesiñado; a súa idea básica é a do campesiño como *revolucionario nato*, grazas ao seu odio instintivo cara aos “señoritos” e terratenentes burgueses. De aí derivaríase, entre outros aspectos, a premura en aniquilar a gardas e contrarrevolucionarios e a obrigada confiscación das terras á Igrexa, aos grandes terratenentes e ao Estado para a súa distribución entre os campesiños. Unha vez triunfante a Revolución e destruído o Estado, Bakunin cría na creación espontánea de *comunas*, de abaixo arriba.

Como oposición ao colectivismo, xorde dentro do anarquismo o *comunismo libertario*, unha reivindicación apaixonada do comunismo que nos anos 1880 os teóricos Malatesta, Corelli ou Caffiero sintetizarán na máxima: “de cada un segundo as súas facultades, a cada un segundo as súas necesidades”. Isto supón a adopción no anarquismo do comunismo libertario fronte ás teses puramente *colectivistas*. C. Caffiero di nun informe enviado ao Congreso Xurasiano: “es en el comunismo donde realizaremos la verdadera igualdad. [...] el pueblo, que no comprende los sofismas colectivistas, comprende realmente el comunismo”.

Para a difusión do comunismo libertario en España foi imprescindible a conversión de Piotr Kropotkin a este. Na teoría deste, a revolución non debía ser exclusivamente urbana, senón que a través do movemento expropiatorio que a concreta, debía chegar ao campo e xerar, como aglutinante de agricultura e industria, o “municipio comunista”, onde o protagonismo de todos mediante o *traballo en común* acabaría cos inconvenientes tanto da propiedade privada como do sistema colectivista. Outro teórico, Eliseo Reclús, vía na organización de comunas a canle idónea para a loita fronte ao gobernante.

Outro aspecto clave no anarquismo español é a preponderancia da idea do sindicalismo - que dará lugar ao coñecido como anarcosindicalismo, síntese da teoría anarquista e a praxe sindical-. Xa en Saint-Étienne, en 1872, o anarquismo concibía o sindicato como a

base organizadora da sociedade futura, o que se confirma no Congreso de Amsterdam (1907).

O anarcosindicalista máis influente en España foi Pierre Besnard, para quen a revolución no campo sería posterior ao triunfo da “folga xeral expropiadora”. Cando a revolución fose un feito, pasaríase á expropiación dos grandes terratenentes, á repartición de terras entre os obreiros agrícolas, e unha vez superada a fase de tolerancia da propiedade privada como mal menor, á *explotación común* das terras. En 1935 pasa a considerar o campesiñado como “xerador da revolución social”, posto que o seu ideal *federalista* impregnaría tanto a organización económica e política da nova sociedade. Na organización do sector campesiño a unidade fundamental constitúena os sindicatos agrícolas encargados de ordenar o conxunto da produción na localidade, así como de funcións representativas ante instancias sindicais superiores. O sindicato agrícola estaría formado polos Comités de Cultivo dos Consellos Rurais, que dirixirían a explotación de terras dunha colectividade agraria. Os sindicatos, organizados federalmente, englobábanse nas “Federacións rexionais de Agricultura”, de onde reciben asesoramento técnico sobre sistemas de cultivo, gandaría, maquinaria, irrigación etc. As federacións rexionais formarían á súa vez a Federación Nacional de Agricultura, e por riba dela a Federación Internacional. Mais para outros teóricos, como Gaston Leval, este federalismo acusaba unha rixidez excesiva capaz de aniquilar ou mutilar toda actividade creadora<sup>37</sup>.

En 1910, a CNT, no seu Congreso fundacional, fixouse como obxectivo a socialización revolucionaria da economía e a emancipación política da clase obreira<sup>38</sup>. A Primeira Guerra Mundial e a Revolución Rusa influíron na definitiva opción polo comunismo libertario fronte ao “colectivismo”. No Congreso do Teatro de la Comedia de 1919, o sindicato confederal insiste en que o seu obxectivo é a consecución daquel<sup>39</sup>. E en 1931, aprobou unha resolución que afirmaba: “la preparación constructiva de los campesinos de acuerdo con nuestros principios, es la misión más importante y difícil del sindicalismo en el campo. [...] sin ella no puede ser viable el desarrollo [...] de la revolución social. La

---

<sup>37</sup> Sánchez Jiménez, José, “Las colectividades agrarias durante la Guerra Civil”, *Anales de Historia Contemporánea*, no. 7, 1989, pp. 50-54.

<sup>38</sup> Peirats, José, *op. cit.*, p. 7.

<sup>39</sup> Sánchez Jiménez, José, *op. cit.*, p. 52.

más difícil, por ser muy numerosos los obstáculos tradicionales y subjetivos, atraso cultural, instinto de propietario e individualismo egocéntrico, que dificulta la captación de las masas campesinas para fines colectivistas”, engadindo que “El movimiento sindicalista campesino puede y debe vencer estos obstáculos mediante una propaganda clara, amplia y tenaz de sus fines ideológicos y una labor educativa y sindical que desarrolle en los trabajadores del campo hábitos de solidaridad colectiva y los predisponga y capacite para colaborar [...] de la implantación de un régimen colectivista o comunista libertario”<sup>40</sup>.

Diego Abad de Santillán traducirá á realidade hispana os presupostos esquemáticos para a organización da “sociedade futura” arriba vistos, concretando un esquema de organización da economía onde se aglutinan e potencian a estrutura federalista, o consello comunal coas súas seccións técnicas e de iniciativas e outros consellos locais que terían como órgano superior e común o “Consejo Nacional de Economía socializada”. Xunto con Juan Lazarte, incidirá no papel especial da “Comuna” na organización do campo e da agricultura como a vía para conseguir a “democracia económica”. As comunas, organizadas federalmente, estarían compostas de cooperativas de consumo, sindicatos agrarios, consellos de sanidade e cultura, servizos públicos e sindicatos de industria e intercambio; e terían como funcións repartir a produción, coordinala cos centros de traballo, regular os cultivos, construír os edificios necesarios, controlar os depósitos de produtos e comercialización etc.

Gaston Leval, pola súa parte e conforme ás formulacións teóricas de C. Cornelissen, defendía, por riba do sindicalismo e do comunismo libertario, a liberdade de organización unha vez triunfante a revolución. Criticaba tanto o criterio económico estrito do sindicalismo como a “vaguedade” do mundo comunalista. Insistía no sistema de explotación das terras nacionalizadas que serían entregadas ás Comunas, mais sen cederlles a propiedade. Estas, en asemblea, decidirían as formas de cultivo. Soamente así se darían nelas as transformacións sociais comúns a toda sociedade anarquista: desaparición das diferenzas entre traballo intelectual e manual, autonomía dos traballadores na súa propia actividade, creación de escolas e servizos sociais, comercio e

---

<sup>40</sup> Calero Delso, Juan Pablo, *El gobierno de la anarquía*, Síntesis, Madrid, 2011, p. 137.

intercambio coas cidades, subministro de maquinaria, fertilizantes e sementes. Todo isto tratando de salvar e de conseguir a “liberdade de organización” como a única eficaz na implantación do comunismo libertario.

Leval achaba varias dificultades para o desenvolvemento da “futura organización campesiña”, unha das cales sería o sentido da propiedade individual. A pesar de recoñecer as dificultades para a convivencia entre o réxime comunista e o da pequena propiedade, vía a solución no fomento dos costumes comunistas nos municipios. Respecto á organización futura campesiña, o órgano fundamental de transformación no campo había de ser non o sindicato, senón o municipio. Este respondía a unha tradición de vida comunitaria; nel realizábanse os contactos máis directos entre veciños; e reflectía mellor ca calquera outro a vida simple do rural. Nunha férrea organización federal, os municipios reunirían os sindicatos e cooperativas de produción, as colonias e comunas agrarias, con vistas a organizar a produción agrícola-gandeira local. Da unión dos municipios xurdirían as federacións nacionais que dirixirían, controlarían e repartirían a produción, non por conta propia, senón como órganos encargados de levar á práctica as normas fixadas nos Congresos. Posteriormente, o concepto de municipio dará paso ao de *comuna*, na que se especifica que é “a célula inicial nas actividades campesiñas”.

Será Federico Urales quen exerza maior influencia nos teóricos españois na concreción do comunismo libertario. Para el, a unidade clave da “nueva sociedad” sería o municipio, ao que considera herdeiro de toda unha tradición comunitaria e o punto de partida da futura revolución social. Na busca do ideal do autoabastecemento municipal, considera a vida no mesmo, a partir da abolición da propiedade privada e a moeda, como unha vida libre, sen máis imposicións que as establecidas voluntariamente en asemblea de todos e con outros municipios, e co cultivo comunitario da terra como o modo de explotación ideal.

En concordancia con esta teoría, Alfonso Martínez Rizo e Isaac Puente concretarán as premisas fundamentais do comunismo libertario, insistindo nas súas posibilidades para realizar a liberdade económica, a democracia e o federalismo.

Para Martínez Rizo, o comunismo libertario é unha “forma de gobierno”, cunha autoridade exercida pola colectividade e unha orde que ten a súa orixe e xustificación na xustiza social e na igualdade absoluta de todos. Defende a desaparición do diñeiro e do concepto individual de autoridade, propiedade ou xerarquía; os dereitos dos individuos a producir en función da súa capacidade e a gozar do indispensábel; a reafirmación das *colectividades municipais*, independentes e soberanas; o réxime plebiscitario para a ordenación interna da vida local; e a ordenación interlocal nun réxime confederal. Como concreción práctica inmediata apuntou cara á organización federal dos sindicatos; e para a organización especificamente campesiña cría necesarios tanto o sindicato, para a organización da produción, como o municipio, para a distribución e o mantemento da orde.

Isaac Puente, pola súa banda, vía o comunismo libertario como un “réxime de convivencia” contrario ao Estado e á política; a vía para o continuo perfeccionamento individual e colectivo, coa práctica da propiedade común, a abolición do diñeiro, a igualdade de todos para producir, cooperar, intervir e consumir; e a práctica asemblearia como única para a organización de *municipios libres*, federados, onde os homes se agrupasen en sindicatos, de acordo coas súas necesidades.

Todas estas alternativas, polémicas, proxeccións ideais de futuro, acaban en maio de 1936, coa reunión do Congreso Extraordinario da CNT en Zaragoza. Será este o punto álxido do enfrontamento entre teóricos anarquistas e partidarios do sindicalismo. Tíñase xa entón conciencia do aumento da conflitividade social, da decepción producida pola Reforma Agraria, do desencanto pola actuación política das esquerdas. Ante estes feitos, o movemento confederal radicalízase, tamén pola convicción común ante a decadencia mundial do sistema capitalista. O concepto de “Comuna” queda suplantado polo de “Organismo económico da produción” como o intento de organización da sociedade futura máis acertado. Dentro deste organismo, e con vistas á produción e ordenación agrarias, aparece o “Consejo de ramo de la producción agraria”, que sería a coroación dos “Consejos agrarios de los pueblos”. Os Consellos de varias vilas formarían o “Sindicato Agrario”, e os sindicatos unidos darían lugar ao “Consejo del ramo de la producción agraria”. Dos sindicatos dependerían as escolas prácticas de agricultura, a solución aos

problemas de orde interna, a comunicación entre as terras e a industrialización crecente dos traballos agrícolas. Os “Consejos del ramo...” uniríanse horizontalmente aos Consellos Agrarios do país, e verticalmente no Consello Rexional primeiro e logo, con todos os rexionais, no Consello Federal.

A necesidade de establecer as bases dunha sociedade futura exixía a construción dun concepto claro e preciso, a nivel confederal, do “comunismo libertario”. O obxectivo seguía sendo “de cada un segundo a súa forza, a cada un segundo as súas necesidades”, e as condicións para o seu establecemento eran as abolicións da propiedade privada, do Estado, do principio de autoridade e das clases sociais. Insistíase de novo no establecemento da *comuna libre* e na organización dos produtores en *sindicatos e lugares de traballo*. Soamente admitirían unha nova reforma agraria se esta partía da expropiación sen indemnización das propiedades de máis de 50 ha; a confiscación de gando, apeiros, maquinaria e sementes aos terratenentes expropiados; a revisión de bens comunais e a súa entrega aos sindicatos campesiños para a súa explotación en forma colectiva; o fomento de obras hidráulicas, granxas, escolas agrarias etc.; a solución do paro mediante a redución da xornada e o axuste dos salarios ao custo da vida; e a toma directa das terras insuficientemente cultivadas por parte dos sindicatos campesiños.

Por último, no congreso volveuse insistir na necesidade da propaganda no campo.

Ligábase, pois, a realización do comunismo libertario á organización das súas comunas, á súa autonomía e organización federal, ao papel insubstituíbel do sindicato en calquera labor de intercambio, abastecemento, comercio intercomunal etc.

En definitiva, todos estes teóricos coincidían en que o problema da terra non acharía solución no marco da sociedade capitalista, diferenciándose á hora de precisar o marco organizativo que permitise mudar a estrutura socioeconómica española<sup>41</sup>.

Máis alá das formulacións de autores especificamente anarquistas, no anarquismo español tamén influíu o pensamento de Joaquín Costa, autor de *El colectivismo agrario en España*, no que recolle a persistencia de tradicións colectivistas, do espírito de

---

<sup>41</sup> Sánchez Jiménez, José, *op. cit.*, pp. 54-59.

comunidade e das prácticas de axuda mutua que sobreviviran ao daquela incipiente capitalismo español. Proporcionaba un apoio local á teoría do apoio mutuo de Kropotkin, que atopou un grande eco nos ácratas españois<sup>42</sup>.

Pola súa banda, os marxistas e socialistas tamén tiñan as súas propias ideas colectivistas, sobre todo no que atinxe á cuestión agraria. Os socialistas (representados no PSOE, a UGT e a FNTT), nos momentos iniciais da República, mediante a Lei de Bases da Reforma Agraria de 1932, expresaban a necesidade de acabar co latifundio, ao que responsabilizaban dos males do país. Para eles, sobre o dereito de propiedade estaba o da vida, e esta radicaba na terra, nun país tan agrario como a España da época. En todo caso, na súa concepción da terra como mero instrumento de traballo podían tolerar a pequena propiedade agraria. Mais eran contrarios ao parcelamento dos latifundios, considerado antisocial, antieconómico e escravizante. Propugnaban a nacionalización das terras e a súa explotación colectiva, a cal suporía maior rendibilidade e fomentaría a cooperación social. Na práctica, cedeuse no tema da explotación individual, autorizada en parcelas cedidas en usufruto como unha solución ante a *mentalidade individualista* dos campesiños. Tamén querían evitar “convulsións revolucionarias”, para non pór en perigo a República.

O triunfo das dereitas nas eleccións de novembro de 1933 supuxo un retroceso nas melloras alcanzadas polos campesiños, polo que estes se radicalizan, así como a perda das esperanzas dunha reforma agraria dirixida desde o poder, todo o cal repercute na FNTT, que se pasa á liña de Largo Caballero, quen era partidario dunha acción revolucionaria para conseguir a nacionalización integral da terra. Mais a UGT non sufriu esta radicalización, manténdose na súa moderación tradicional. Así se chega a 1936, cando á hora de elaborar as propostas socialistas para o programa da Fronte Popular, unha delas era a nacionalización e colectivización da terra, a excepción da pequena propiedade cultivada directamente polos seus donos. Esta proposta foi rexeitada polos partidos republicanos; mais a FNTT achegábase cada vez máis nas súas formulacións ao programa

---

<sup>42</sup> Alba, Víctor, *op. cit.*, pp. 38-39.

agrario que permitira aos bolxeviques a toma do poder en Rusia, fronte á prudencia e moderación da á dereita do socialismo español, encabezada por Julián Besteiro<sup>43</sup>.

O marxismo máis puro, pola súa parte, defendía desde as súas orixes a conquista do poder político á burguesía, para desde aquel arrebatarlle a esta o capital, centralizando os medios de produción no Estado proletario e dirixindo a posta en marcha da economía socialista. Segundo Lenin, non se podería prescindir de golpe dos gobernos nin das subordinacións, ata que os obreiros non estivesen capacitados para dirixir<sup>44</sup>.

En canto ao chamado comunismo disidente, representado polo Bloque Obrero y Campesino (BOC) de Joaquín Maurín, a Izquierda Comunista de Andreu Nin e o posterior POUM, precisamente Maurín avogaba en 1935, no programa revolucionario exposto en *Hacia la segunda revolución*, pola nacionalización da terra -e o usufruto dela ao pequeno campesiño, seguindo a Flórez Estrada-, dos ferrocarrís, da frota mercante, da grande industria, das minas, da banca, a municipalización dos servizos urbanos, as fábricas de faría e os grandes almacéns, e o monopolio estatal do comercio exterior; todo isto en mans dun Estado obreiro<sup>45</sup>.

#### **b. Realizacións prácticas: insurreccionalismo faísta e primeiras colectividades**

Para comprendermos a *ximnasia revolucionaria* practicada pola CNT e a FAI durante os primeiros anos da República, temos que atender ao proceso de radicalización no que o anarquismo español entrou no verán de 1931, a raíz do aumento da axitación social froito da decepción dos traballadores e campesiños coa nacente República, cuxo labor reformista non era o suficientemente acelerado e profundo para eles. Os faístas querían espertar nas masas traballadoras o sentimento de necesidade da revolución. Esta radicalización saldouse cunha ruptura dos sectores sindicalistas máis moderados, que publicaron o Manifiesto de los Treinta opóndose a ela<sup>46</sup>.

---

<sup>43</sup> Rodrigo González, Natividad, *op. cit.*, p. 34; Sánchez Jiménez, José, *op. cit.*, pp. 59-61.

<sup>44</sup> Castells Duran, Antoni, *op. cit.*, p. 25.

<sup>45</sup> Maurín, Joaquín, *Revolución y contrarrevolución en España*, Ruedo Ibérico, París, 1966, pp. 225-229.

<sup>46</sup> Thomas, Hugh, *op. cit.*, pp. 95-96; Calero Delso, Juan Pablo, *op. cit.*, pp. 47-48; Brenan, Gerald, *El laberinto español. antecedentes políticos y sociales de la Guerra Civil*, Diario Público, s. l., 2011, Vol. II, p. 122.

Xa a principios de 1932 se produciu a primeira insurrección revolucionaria en Cataluña, nas comarcas mineiras do Cardener e o Alto Llobregat, con epicentro nas vilas de Fígols e Sallent, onde se proclamou o comunismo libertario, abolindo a propiedade privada e o diñeiro. No levantamento tomou parte o “Partido de la Izquierda Comunista”, dirixido por Maurín, Nin e Juan Andrade, segundo Gerald Brenan. O levantamento foi aplastado polo exército, e provocou a ruptura definitiva coa CNT dos chamados *trentistas*, despois dun Pleno Rexional de Cataluña onde se ratificou a vía insurreccional. O 8 de xaneiro de 1933 produciuse unha nova vaga de levantamentos anarquistas para obter a liberdade dos deportados a África polo levantamento anterior: en Cataluña, inspirados polo novo dirixente anarquista Joan García Oliver, proclamándose o comunismo libertario en Cerdanyola-Ripollet; no Levante e en Andalucía, destacando o levantamento de Casas Viejas, onde os anarquistas se fixeron co lugar por breve tempo. A última vaga de levantamentos anarquistas foi a folga xeral revolucionaria do 8 de decembro de 1933, como reacción ao triunfo das dereitas nas eleccións xerais do mes anterior. En Zaragoza instalouse un comité revolucionario dirixido por Buenaventura Durruti, Cipriano Mera e Isaac Puente; as fábricas foron ocupadas polos traballadores e nomeáronse comités de fábrica; e en varias vilas de Cataluña e A Rioxa, e especialmente de Aragón, proclamouse o comunismo libertario e constituíronse tamén comités revolucionarios. En Villanueva de la Serena incluso se alzou o sarxento Pío Sopena<sup>47</sup>. Mais este levantamento fracasou, como todos os anteriores, xa que respondían a designios moi xerais e abstractos; eran, dalgunha maneira, revolucións programadas, que non conseguiron arrastrar a unhas masas que nunca se moven, de inicio, por ideas grandiosas<sup>48</sup>.

En canto ao socialismo, este estivo no poder entre 1931 e 1933, coincidindo co insurreccionalismo anarquista. En 1931 conseguira a aprobación do Decreto sobre Arrendamentos Colectivos, que contemplaban que as sociedades campesiñas podían arranxar contratos de arrendamento colectivo para traballar a terra en común. Era un primeiro paso de cara á explotación colectiva do campo. Durante 1932, e sobre todo en 1933, moitas sociedades obreiras obteñen autorización para realizar este tipo de contratos;

---

<sup>47</sup> Thomas, Hugh, *op. cit.*, pp. 100, 126-127, 149-150; Calero Delso, Juan Pablo, *op. cit.*, pp. 48, 60; Brenan, Gerald, *op. cit.*, pp. 117-118, 136.

<sup>48</sup> Alba, Víctor, *op. cit.*, pp. 49-50.

mais á hora de aplicalos na práctica, atopáronse con enormes resistencias dos propietarios ou dos funcionarios. As sociedades pagaban unha cantidade anual ao dono do terreo arrendado, e o arrendamento era controlado técnica e economicamente polo Instituto de Reforma Agraria (IRA)<sup>49</sup>.

Mais cando os socialistas perderon o poder, entraron no proceso de radicalización visto anteriormente, á que contribuíu a extensión do desemprego agrícola. A afiliación sindical aumentou durante o Bienio Rectificador. E en 1936, coa vitoria da Fronte Popular nas eleccións xerais de febreiro, aumentaron as tensións no campo, debido á impaciencia dos campesiños. Produciuse outro aumento da afiliación aos sindicatos. Houbo ocupacións de terras e bosques por aqueles nas provincias consideradas latifundistas (Ciudad Real, Albacete, Toledo, Estremadura), que o goberno tivo que frear. Por outra banda, este aprobou outras medidas: maiores facilidades para os municipios para recuperar as terras comunais, liberdade do Estado para incautar calquera terra por “utilidade social”. Aprobouse unha nova lei de Reforma Agraria, e o IRA realizou entre maio e xuño un gran número de asentamentos campesiños. Algúns dos predios entregados comezaron a explotarse como colectividade, como o predio “Casa Contreras” en Santa Cruz de la Zarza (Toledo), entregada á Sociedad Socialista da FNNT do concello. Tamén se colectivizaron tres grandes predios na provincia de Ciudad Real, segundo Franz Borkenau<sup>50</sup>. Isto levou a Jacques Maurice a concluír que “estalló la sublevación en el preciso momento en que la revolución agraria ya se estaba iniciando”<sup>51</sup>.

Contrariamente ao que pasaba no campo, no mundo urbano non se deu esta conflictividade de carácter revolucionario, senón que esta se limitou a pedir melloras laborais ou expresar solidariedade con outros sindicalistas. Non obstante, desde a proclamación da República, a cuestión do control obreiro sobre industrias e servizos, o que máis adiante sería coñecido como coxestión, estivo sempre presente nas tirantes relacións entre patróns e obreiros. Xa en 1922, durante a discusión do anteproxecto da Lei de Contratos de Trabajo, a UGT

---

<sup>49</sup> Rodrigo González, Natividad, *op. cit.*, pp. 36-39.

<sup>50</sup> *Ibid.*, pp. 40, 42-43; Parreño Tébar, Carmen María, *II República y Guerra Civil en La Roda, Albacete, 1931-1939*, Instituto de Estudios Albacetenses “Don Juan Manuel”, Albacete, 2021, pp. 141, 143; Thomas, Hugh, *op. cit.*, pp. 192-193.

<sup>51</sup> Maurice, Jacques, “Problemática de las colectividades agrarias en la Guerra Civil”, *Agricultura y Sociedad*, no. 7, 1978, p. 55.

formulou no Instituto de Reformas Sociales esta cuestión. Por suposto, a patronal opúñase: “las mejoras para introducir un progreso [...] en la economía de las empresas, sobrepasan su competencia”<sup>52</sup>, dicía en 1931, ante a proposta de Largo Caballero de crear “comités de intervención” de obreiros e empregados en empresas de máis de 50 traballadores<sup>53</sup>.

Por outra banda, había experiencias illadas de empresas xestionadas polos seus obreiros, en Cataluña, mais non pasaban de ser simples cooperativas de produción: a Cooperativa do Vidro de Mataró, da que formaba parte o *trentista* Joan Peiró<sup>54</sup>; ou a cooperativa libertaria de Rubí, base da colectividade desta localidade durante a guerra<sup>55</sup>.

### c. A converxencia sindical (1934-1936)

Quizá unha das características sobranceiras do movemento obreiro español de principios do século XX sexa o permanente enfrontamento entre as dúas centrais sindicais maioritarias, a CNT e a UGT, froito de grandes diverxencias tanto ideolóxicas como de estratexia de loita. Non obstante, o goberno do centrodereita no Bienio Rectificador propiciou o “milagre”, ao deixar sen marxe de actuación ao reformismo sindical uxetista e, debido á represión, tamén á estratexia revolucionaria da CNT<sup>56</sup>. Coa entrada da CEDA no goberno en outubro de 1934, Largo Caballero tentou formar unha alianza obreira para unir a socialistas, comunistas e anarquistas ás costas da á reformista do PSOE. A “revolución de outubro” fracasou en case toda España, debido á falta de apoio da CNT, mais foi adiante en Asturias, onde se forxou unha alianza entre a UGT, o BOC e a CNT asturiana, baixo o nome de Unión de Hermanos Proletarios<sup>57</sup>. O levantamento de Asturias acabou fracasando, mais sentou o precedente das Alianzas Obreiras.

A partir de finais de 1935, produciuse unha converxencia na esquerda española que culminaría na formación da Fronte Popular de cara ás eleccións de febreiro, na que participaron, xunto cos republicanos, o PSOE, o POUM, o PCE e o Partido Sindicalista

---

<sup>52</sup> Calero Delso, Juan Pablo, *op. cit.*, p. 136.

<sup>53</sup> Alba, Víctor, *op. cit.*, p. 38.

<sup>54</sup> *Ibid.*, pp. 33-34.

<sup>55</sup> Elizalde, José, Violaine Delahégue e Jean-Louis Delahégue, « L'autogestion a l'heure espagnole », *Autogestions*, no. 7, 1981, p. 354.

<sup>56</sup> Calero Delso, Juan Pablo, *op. cit.*, pp. 204-205.

<sup>57</sup> Thomas, Hugh, *op. cit.*, pp. 156-157, 159-160.

de Ángel Pestaña, un *trentista*. A CNT non se sumou, fiel ao seu apoliticismo, mais non se enfrontou ao resto de organizacións obreiras. Desde 1936 as súas centrais sindicais respectaron un pacto tácito de non agresión, cando non actuaron conxuntamente; unha cooperación, porén, non libre de tensións. Un paso máis neste proceso de converxencia foi o Congreso cenetista de Zaragoza de maio, onde se aprobou unha ponencia na que “considerando que la UGT y la CNT aglutinan y controlan en su seno a la totalidad de los trabajadores organizados en España” se propuña un pacto revolucionario cimentado sobre cinco puntos, entre os cales estaba o recoñecemento por parte da UGT do “fracaso del sistema de colaboración política y parlamentaria”. A CNT, polo tanto, propuña a unión proletaria para facer a revolución social, cara á que tamén camiñaba a UXT, ou polo menos parte dela<sup>58</sup>.

A cambio, os anarcosindicalistas renunciaron á vía preferentemente insurreccional, e no Congreso de Zaragoza reintegráronse os *trentistas* á CNT. O 9 de xullo, Solidaridad Obrera dicía: “el pistolero no debe ser considerado como método eficaz de lucha revolucionaria”. En canto ao sindicato poumista, a Federación Obrera de Unidad Sindical, nacido a principios de 1936, acabaría integrándose na UGT antes do final do verán dese ano<sup>59</sup>.

A UGT e a CNT facían, na primeira metade de 1936, folgas conxuntas, como a dos ferroviarios do Ferrocarril Central de Aragón, ou as que se declararon por toda España en resposta ao golpe militar do 18 de xullo<sup>60</sup>. Anticipábase así a colaboración que se ía dar entre os dous sindicatos nas colectivizacións que se desenvolveron alá onde as estruturas socioeconómicas quedaron severamente danadas polo golpe militar.

#### **4. Golpe, revolución e colectivización: diferenzas territoriais**

Como levamos insistindo ao longo do traballo, o proceso de colectivización desatouse - ou acelerouse, no campo- debido á posición de poder na que quedaron os sindicatos, e especialmente a CNT, coa súa vitoria ante os golpistas en boa parte de España. Mais o

---

<sup>58</sup> Calero Delso, Juan Pablo, *op. cit.*, pp. 71-75, 206-207.

<sup>59</sup> *Ibid.*, p. 208.

<sup>60</sup> Casanova, Julián, *Anarquismo y revolución en la sociedad rural aragonesa, 1936-1938*, Siglo Veintiuno de España, Madrid, 1985, pp. 70-71, 81; Thomas, Hugh, *op. cit.*, p. 245.

proceso tivo diferenzas territoriais, non se desenvolveu con igual intensidade nin cos mesmos pasos nas zonas onde se deron: Cataluña, o Aragón oriental, o País Valencià, Murcia, Castela a Nova, Andalucía Oriental e a comarca estremeña de La Serena. Imos desenvolver como se deu o proceso de colectivización nas rexións de Cataluña, Aragón e a actual Castela-A Mancha.

#### **a. As colectivizacións de industrias e da agricultura en Cataluña**

En Cataluña, o proceso de colectivización adquiriu unhas características especiais con respecto ao que se deu na maior parte da zona republicana, debido ao alto grao de industrialización da rexión: o 54% da poboación activa traballaba na industria, fronte ao predominio do sector primario no conxunto de España. Esta industria, porén, estaba constituída sobre todo por empresas medianas e pequenas: o tamaño medio era de 46 traballadores. Había unha presenza importante do capital estranxeiro -inglés, francés, belga, suízo etc.- que controlaba gran parte dalgúns sectores básicos -minaría, produción eléctrica...-, así como unha alta porcentaxe das empresas de máis volume e de tecnoloxía máis avanzada das diferentes ramas industriais. O crac de 1929 provocara en Cataluña un aumento do desemprego, especialmente na industria, e a diminución das exportacións<sup>61</sup>.

En canto á realidade social, na Cataluña de 1936 existían<sup>62</sup>:

- Unha burguesía que usaba a forza pública para reprimir os traballadores e que confiaba na democracia parlamentaria para a defensa dos seus intereses;
- Unhas clases medias que constituían unha porcentaxe importante da poboación e que estaban ideoloxicamente orientadas cara ao republicanismo e o nacionalismo catalán, sendo o soporte de ERC, polo que se van enfrontar ao Estado centralista e ás institucións e forzas conservadoras deste. Este enfrontamento propagara co tempo un antiestatismo xenérico, igual que o enfrontamento co exército español axudara a xeneralizar un antimilitarismo.

---

<sup>61</sup> Castells Duran, Antoni, *Les col·lectivitzacions a Barcelona 1936-1939*, p. 17; Seidman, Michael, "Trabajo y revolución. El control de los trabajadores en Barcelona durante la Guerra Civil española, 1936-38", *Áreas. Revista internacional de Ciencias Sociales*, no. 1, 1981, p. 67.

<sup>62</sup> Castells Duran, Antoni, *op. cit.*, pp. 18-19.

- Un movemento obreiro forte, loitador e radicalizado, cunha incontestábel maioría da CNT, unha práctica inexistencia de formacións socialdemócratas -o PSOE case non tiña presenza en Cataluña- e unha reducida influencia das organizacións marxistas non socialdemócratas, dos cales destaca a particularidade do POUM, que tiña certa influencia, non estaba adherido á III Internacional e tiña unha clara orientación revolucionaria.

En Barcelona, o golpe fracasou por varios factores: o non apoio do xeneral en xefe da IV División, Llano de la Encomienda; a falta de entusiasmo da Garda Civil e da Garda de Asalto, que defenderon a legalidade republicana; a lealdade á República do aeródromo de Barcelona; e o número e capacidade de combate das organizacións obreiras, entre as que predominaba a CNT, como vimos. Estas últimas conseguiran facerse con armas tomando por asalto varios depósitos, como o do buque prisión Uruguay, e entrando nos arsenais co permiso da policía, que tamén lles cedeu as súas propias armas. Consequiron capturar ao xeneral Goded, encargado de dirixir a sublevación en Barcelona, e obrigárono a desligar aos seus subordinados do compromiso adquirido. Os anarquistas e as forzas de seguridade conseguiron derrotar ás guarnicións dos cuarteis de Atarazanas e Sant Andreu, tomando os fusís do arsenal deste último e dando por derrotada a sublevación en Barcelona á noite do día 20<sup>63</sup>. Como o resto de Cataluña dependía militarmente dos mandos da Cidade Condal, o golpe fracasou en todo o Principado. En Figueres, após entregárense ás autoridades republicanas e entregar as armas do Castell, os líderes da sublevación foron encarcerados<sup>64</sup>.

Inmediatamente fórmanse comités antifascistas por toda Cataluña coas forzas políticas que se opuxeran á sublevación, destituíndo os concellos<sup>65</sup>. En Barcelona, os cadros de defensa cenetistas transformáronse en comités revolucionarios de barriada que impuxeron

---

<sup>63</sup> Thomas, Hugh, op. cit., pp. 257-261.

<sup>64</sup> Cárdbada Carrascal, Marciano, “Figueres i la guerra civil, 1936-1939”, *Annals de l’Institut d’Estudis Empordanesos*, no. 44, 2013, pp. 190-191.

<sup>65</sup> Ibid., p. 192; Cárdbada Carrascal, Marciano, “Col·lectivisme agrari a Garrigàs”, *Annals de l’Institut d’Estudis Empordanesos*, no. 30, 1997, p. 283; Berruezo, José, *Por el sendero de mis recuerdos (1920-1939)*, Grupo de Estudios Histórico-Sociales, Santa Coloma de Gramanet, 1987, pp. 74-75; Bosch Sánchez, Aurora, “Las colectivizaciones: estado de la cuestión y aspectos regionales” en VVAA, *La II República, una esperanza frustrada: actas del Congreso Valencia Capital de la República (Abril 1986)*, Edicions Alfons el Magnànim, Valencia, 1987, p. 147.

unha nova orde “revolucionaria” en cada barrio<sup>66</sup>. O presidente da Generalitat, Lluís Companys, recibiu aos dirixentes anarquistas. Ofreceulles a súa dimisión, recoñecendo así a posición preponderante que adquiriran a CNT e a FAI. Os dirixentes cenetistas rexeitárona, e acabouse creando un Comité Central de Milicias Anfifascistas (CCMA), no que estaban representadas a UGT, a CNT, a FAI, o PSUC, ERC, Acció Catalana, o POUM e a Udr, mais dominado polos anarquistas. Todo isto fíxose ás costas do goberno central<sup>67</sup>.

O 21 de xullo os traballadores barceloneses, levantada a folga xeral, volveron ao traballo. Mais a derrota da rebelión militar trouxo unha consecuencia imprevista: a fuxida da gran maioría da burguesía barcelonesa ás súas residencias de verán ou a Francia. Segundo unha fonte anarcosindicalista, un 50% fuxiu, un 40% foi “eliminado de la esfera social” e só un 10% continuou traballando. Os patróns, directores, enxeñeiros e capataces abandonaran as empresas que dirixían. A patronal catalá, Fomento del Trabajo Nacional, desintegrouse, e na súa sede instalouse a CNT. Houbo represalias dalgúns obreiros por conflitos anteriores: moitos patróns foron “paseados”, sobre todo os que se negaran a readmitir aos despedidos en outubro de 1934. Moitos obreiros non sabían quen lles ía pagar o salario do sábado seguinte, nunha época na que se cobraba por semana, e na que os obreiros non tiñan aforros, vivindo ao día<sup>68</sup>.

Esta circunstancia excepcional tiña que ser resolta dalgunha forma. Os obreiros dominaban as rúas, e os poderes públicos non estaban en condicións de -ou non querían- oporse aos obreiros. Ante a desorientación inicial, os traballadores de cada empresa decidiron consultar cos sindicatos nos que militaban. Após iso, decidían reunirse en asemblea, na que, a iniciativa dos delegados sindicais ou dalgúns militantes destacados, acordaba nomearse un comité de empresa que se encargase das xestións. Os comités estaban compostos polos traballadores que parecían máis preparados ou responsábeis. Nunha segunda asemblea, ante os problemas que xeraba a ausencia dos directores,

---

<sup>66</sup> Guillamón, Agustín, *Los comités de defensa de la CNT en Barcelona*, Alejandría Proletaria, Valencia, 2018 p. 43, < [https://grupgerminal.org/?q=system/files/2018.comitesdefensa.5edi.guillamon\\_1.pdf](https://grupgerminal.org/?q=system/files/2018.comitesdefensa.5edi.guillamon_1.pdf) > [consulta 5 de xullo de 2024].

<sup>67</sup> Thomas, Hugh, *op. cit.*, pp. 274-276.

<sup>68</sup> Seidman, Michael, *Los obreros contra el trabajo. Barcelona y París bajo el Frente Popular*, Pepitas de Calabaza, Logroño, 2014, pp. 139-140; Alba, Víctor, *op. cit.*, pp. 48-49, 67-69.

acordouse que os obreiros se farían cargo da empresa, que o comité a dirixiría e que se mantería en contacto permanente co sindicato. Todo isto fíxose de maneira espontánea, sen ordes das direccións dos sindicatos nin dos partidos<sup>69</sup>.

Os patróns que quedaron formularon aos sindicatos a cuestión de que facer con eles. Algúns militantes eran partidarios de admitilos nas colectividades e integralos na economía revolucionaria, mentres que outros os consideraban potenciais sabotadores. Moitos patróns fundaron cooperativas para evitar o control obreiro: nun ano, o número de cooperativas multiplicouse por cinco<sup>70</sup>. Porén, en moitas empresas nas que os patróns quedaron implantouse o control obreiro: os antigos propietarios e xerentes seguiron nos seus postos, mais non podían tomar decisións sen contar co comité de control. Nalgúns casos, este control foi un paso previo á colectivización da empresa<sup>71</sup>.

Á parte das asembleas e dos comités, existían dous órganos de decisión máis nas colectividades: o comité sindical, que tiña por función a defensa diaria dos intereses inmediatos dos traballadores e exixir responsabilidades ao comité de empresa, e era a continuación dos comités sindicais preexistentes nas empresas; e o delegado da Generalitat, inicialmente nas empresas dedicadas aos servizos públicos, e a partir do Decret de Col·lectivitzacions, en todas, como parte do Consello de Empresa. En teoría, encargábase de fiscalizar a vida da empresa, mais inicialmente tiña un papel simbólico<sup>72</sup>, xa que ao ser nomeado pola Conselleria d'Economia, en mans da CNT, era militante do sindicato. Co tempo, xeneralizáronse e convertéronse no centro dos consellos de empresa, ao seren os encargados de xestionar o financiamento da Generalitat<sup>73</sup>.

### **i. A industria de guerra colectivizada e o control estatal das colectivizacións**

O triunfo parcial da sublevación en España significaba un novo reto para a economía catalá, que tiña un protagonismo indubidábel no conxunto do Estado. En Cataluña non existía unha industria de guerra en xullo de 1936. Ante isto, os traballadores das empresas

---

<sup>69</sup> *Ibid.*, pp. 53, 55-57.

<sup>70</sup> Seidman, Michael, *op. cit.*, p. 240.

<sup>71</sup> Castells Duran, Antoni, *op. cit.*, p. 27.

<sup>72</sup> *Ibid.*, pp. 41-44.

<sup>73</sup> Alba, Víctor, *op. cit.*, p. 115.

colectivizadas, que tiñan moitos compañeiros xa camiño da fronte, viron a necesidade de reorientar as industrias nas que traballaban cara á situación bélica que se comezaba a perfilar. Na casa Vulcano comezaron a blindar camiós. O día 21, o Sindicato Metalúrxico da CNT designou a Eugenio Vallejo para que dirixise a organización do sector. Vallejo ordenou a centralización da produción na empresa de maior importancia, a Hispano Suiza. Aos poucos días, entregáronse os primeiros tanques ao CCMA.

As organizacións políticas e sindicais sentían a necesidade de coordinar a nova situación na economía. Foi a Generalitat, inicialmente coa colaboración do CCMA, quen emprendeu este labor. O primeiro paso deuse precisamente nas industrias de guerra: o 7 de agosto creábase, por decreto, a Comissió de la Indústria de Guerra, no seo da Generalitat. Esta dividíase en tres seccións, a Siderometalúrxica, a Química e a de Aviación; que se encargaban da produción en cadanseu ámbito. Puxéronse baixo o control da Comissió diversas empresas, que co tempo chegarían a ser varios centenaes. Este control estatal atopouse coa resistencia dalgúns comités de empresa, que pensaban que só eles poderían dirixir a industria de guerra. En todo caso, a autoridade dos comités quedou intacta no funcionamento interno das empresas, e a intervención da Generalitat limitouse a orientacións técnicas, a determinar a produción para realizar e a proporcionar os medios necesarios para a mesma.

En todo caso, non se adaptou a totalidade da industria ás necesidades da guerra, prevendo a reorientación daquela ás necesidades civís ao finalizar esta.

A CNT, que tiña o predominio entre os traballadores destas industrias, tiña presenza na Comissió, sendo Eugenio Vallejo como secretario deste. Tamén había un membro designado polo Sindicato das Industrias Químicas. Algunhas das industrias orientadas á guerra agrupáronse, caso da Industria de la Fundición Colectivizada.

Todo isto implicou a creación en Cataluña dunha poderosa industria de guerra, de forma que en outubro de 1937 esta xa contaba con máis de catrocentas fábricas metalúrxicas e químicas, cuns 80.000 traballadores. Esta industria fabricaba produtos que ata entón non se fabricaban en España. Para isto, os traballadores facían un sobreesforzo, traballando

máis horas das debidas sen cobralas, e contando coa colaboración de moitos técnicos, que achegaron os seus coñecementos.

Esta industria de guerra tivo que facer fronte a dificultades. O Goberno central non proporcionou as divisas necesarias para a importación da maquinaria e de materias primas, que non existían en España, polo que a industria tivo que contar unicamente coas divisas facilitadas pola Generalitat, véndose limitada por iso a capacidade de produción.

A industria de guerra tivo que enfrontarse a críticas pola súa baixa produtividade, procedentes do PSUC, xa na primavera de 1937. Estas críticas foron contestadas tanto por Josep Tarradellas (ERC), *conseller primer* da Generalitat, como por Eugenio Vallejo. Estas críticas hai que enmarcalas dentro da disputa política polo control da retagarda que estaba aumentando en intensidade, e que culminaría nos Feitos de Maio de 1937<sup>74</sup>.

O seguinte paso no control estatal -entendendo a Generalitat como parte do aparato do Estado- da economía colectivizada foi a creación do Consell d'Economia por parte do goberno catalán o 11 de agosto, co obxectivo de “estructurar i normalitzar convenientment l'economia catalana i donar solució als greus problemes d'ordre econòmic que [...] s'han plantejat”. Igual cá Comissió de la Indústria de Guerra, estaba composto por representantes dos partidos políticos e das organizacións obreiras, e constituíase como o “organisme ordenador de la vida econòmica catalana”. O seu presidente era o *conseller* de Economía, daquela Josep Tarradellas. O Consell publicou pouco despois o Plan de transformación socialista do país, onde se especificaba que a Generalitat era a encargada de executar os acordos que aquel tomase. Admitíase o dereito á propiedade privada nas pequenas e medianas empresas e explotacións agrícolas, e facíase referencia á colectivización e a estatización ao mesmo tempo. Coa constitución do Consell d'Economia, os anarquistas renunciaban á súa idea de socialización global da economía, ao admitiren a intervención estatal<sup>75</sup>.

O froito máis importante do labor realizado polo Consell d'Economia foi a elaboración do Decret de Col·lectivitzacions i Control Obrer, que após ser discutido e modificado

---

<sup>74</sup> Castells Duran, Antoni, *El proceso estatizador en la experiencia colectivista catalana...*, pp. 87-102.

<sup>75</sup> *Ibid.*, pp. 40-43.

nalgún extremo polo Govern de la Generalitat, este promulgou<sup>76</sup>. Este decreto constituía a normativa básica sobre a nova realidade económico-social na industria e nos servizos<sup>77</sup>. Colectivizábanse todas as empresas de máis de cen obreiros, que eran minoría na Cataluña da época. As empresas de entre cincuenta e cen obreiros podían colectivizarse se o decidía o 75% do cadro de persoal. Na práctica, só serviu para legalizar as colectivizacións xa realizadas polos traballadores, mentres que nos casos nos que estes solicitaron a colectivización de empresas medianas, a decisión foise aprazando desde decembro de 1936, e despois dos Feitos de Maio non houbo máis colectivizacións. En todo caso, estableceíase o control obreiro en todas as empresas non colectivizadas<sup>78</sup>. Nas colectivizadas estableceíase a figura do director, a quen o consello de empresa podía delegar as súas funcións<sup>79</sup>. Para explicar o decreto, o Consell organizou en decembro a “1ª Jornada de la Nova Economía”.

A partir dos Feitos de Maio sucede unha mudanza fundamental: a Conselleria d’Economía da Generalitat, en mans da CNT desde setembro de 1936 -que imprimira a súa orientación ideolóxica nos organismos subordinados e nas políticas desenvoltas-, pasa a partir de xullo de 1937 a mans do PSUC, partido que se opuña ás transformacións revolucionarias emprendidas polos anarquistas. En consecuencia, incrementárase o control estatal sobre as colectividades catalás. As funcións do Consell d’Economía foron modificadas en agosto de 1937, coa transformación do Departament d’Economía da Generalitat, cando aquel perdeu a súa capacidade ordenadora da economía catalá, asignándosele unha función meramente consultiva e de asesoramento. O goberno da Generalitat aumentou a súa influencia dentro do organismo, ao tempo que se eliminaba a representación do POUM, aumentaba a do PSUC e introducíase a da Confederació de Cooperatives de Catalunya<sup>80</sup>.

O seguinte paso no control estatal das colectividades catalás foi a constitución dos Consellos Xerais de Industria e das Federacións Económicas de Industria. A constitución

---

<sup>76</sup> *Ibid.*, p. 46.

<sup>77</sup> Castells Duran, Antoni, *Les col·lectivitzacions a Barcelona 1936-1939*, p. 43.

<sup>78</sup> Alba, Víctor, *op. cit.*, p. 113.

<sup>79</sup> Castells Duran, Antoni, *op. cit.*, p. 44.

<sup>80</sup> *Ibid.*, pp. 46-47, 49-51.

dos Consellos Xerais, xa se contemplaba no Decret de Col·lectivitzacions, onde se establecía que a súa función sería coordinar e orientar a actividade económica de todas as empresas dunha industria e planificar a produción global da mesma. Estarían formados por representantes do Consell d'Economia, dos consellos de empresa e das centrais sindicais. Eran, polo tanto, organismos dependentes do Consell. Os seus acordos eran de obrigado cumprimento para todas as empresas.

O desenvolvemento dos Consellos Xerais comeza en xullo de 1937, co decreto de estruturación destes. Nel establecíase que debían reunir as empresas dos diversos subgrupos e ordes industriais en Federacións Económicas de Industria, e a de estudar a creación de novas agrupacións ou concentracións. Ás Federacións debían pertencer obrigatoriamente todas as empresas do seu ámbito, e os acordos que aquelas tomasen eran de obrigado cumprimento para estas. As Federacións estaban supeditadas aos Consellos Xerais, polo que actuaban de correa de transmisión entre as decisións dos Consellos Xerais e as agrupacións, consolidándose así unha política económica na que as decisións ían de arriba abaixo, todo o contrario do que se pretendía inicialmente coas colectivizacións e agrupamentos sectoriais impulsados polos sindicatos. Os Consellos tamén debían realizar inspeccións periódicas nas empresas do seu ámbito<sup>81</sup>.

Os Consellos e as Federacións constitúense a partir de setembro de 1937, de forma provisional, coa mudanza de que se eliminou a representación das centrais sindicais. Creáronse Consellos Xerais das Industrias Químicas, das Industrias Têxtils e anexas, dos Servizos de Electricidade e Gas, das Industrias da Construción, da Produción Metalúrxica e Mecánica, do Comercio, Crédito e Seguros, dos Servizos de Hixiene e Sanidade, da Industria da Alimentación, dos Servizos de Transportes e Comunicacóns e das Artes Gráficas. Unha vez constituídos estes, entre novembro de 1937 e maio de 1938 constituíronse as Federacións de Industria dependentes dos Consellos creados.

Por suposto, os colectivistas, maioritariamente anarcosindicalistas, opuxéronse a este proceso, xa que rexeitaban calquera forma de estatización. Así, a implantación destes organismos foi parcial, en parte debido a esta oposición. Joan Comorera (PSUC),

---

<sup>81</sup> *Ibid.*, pp. 55-60.

*conseller* de Economía, era consciente de que os sindicatos non podían ser apartados da dirección económica do país<sup>82</sup>.

Un último paso no intervencionismo da Generalitat foi a creación da Caixa de Crèdit Industrial i Comercial, prevista no Decret de Col·lectivitzacions mais non desenvolvida até finais de 1937. A súa función era servir de banco das empresas colectivizadas e das agrupacións, que doaban un 50% dos seus beneficios á Caixa. Nos seus estatutos, publicados en xaneiro de 1938, fixébase que tales beneficios debía reinvestilos de acordo coas directrices do Consell d'Economia e dos Consellos Xerais de Industria, para ampliar as empresas existentes ou a creación de novas, mediante préstamos. A Caixa, ademais de facilitar á Generalitat o coñecemento da situación económica das empresas, usouse como elemento de presión sobre as mesmas empresas, que eran as que debían proporcionar a maior parte do capital da Caixa. Mais a influencia desta foi reducida, xa que a súa posta en funcionamento foi lenta e parcial, ao atoparse coa oposición tanto das colectividades como da Banca, para a cal a Caixa era un perigoso competidor<sup>83</sup>.

Outras medidas no control da economía colectivizada catalá foron o establecemento das Intervencións Especiais a finais de 1937, o que significaba a eliminación do control e dirección dos traballadores nas empresas ou agrupacións afectadas e a súa asunción pola Generalitat, mais cuxa aplicación foi discrecional; a transformación do carácter e funcións dos Interventores ordinarios en 1938, cuxas facultades se ampliaban ao tempo que se aumentaba a súa dependencia da Generalitat; e a constitución da Comissió Reguladora de Preus e da Comissió Reguladora dels Salaris no outono de 1937, coa misión de regular ambos aspectos, derogando o salario único ou familiar; e a implantación do Certificado de traballo en xuño de 1937, ampliación do xa existente no resto da zona republicana, unha especie de documento de identidade dos traballadores; e a prohibición ás unidades produtivas de concederse préstamos entre si, o que dificultaba o desenvolvemento e funcionamento autónomos das empresas e agrupacións controladas polos traballadores, forzándoas a ter que acudir ás canles de financiación da Generalitat; e a imposición de diversas obrigas e prohibicións ás empresas e agrupacións: obrigatoriedade de inscribirse

---

<sup>82</sup> *Ibid.*, pp. 62, 64-72.

<sup>83</sup> *Ibid.*, pp. 73-78.

no Rexistro Mercantil, e prohibición de proporcionar datos sobre a situación económica das empresas a organismos non oficiais; e a municipalización de empresas dedicadas á prestación de servizos públicos<sup>84</sup>.

Finalmente, témonos que referir á incautación polo Goberno da República en 1938 das industrias do gas e da electricidade así como á militarización das industrias de guerra por esta. A Generalitat opúxose a esta centralización, así como a CNT, aínda que esta só en parte, xa que a dirección non se opuxo á militarización das industrias de guerra, prevista no pacto que asinou coa UGT en marzo de 1938<sup>85</sup>. Este pacto tamén propugnaba a nacionalización dos ferrocarrís, a industria pesada, a navegación de altura e outras industrias claves; a constitución dun Consello Superior de Economía de ámbito estatal; e a legalización das colectividades, coa desaparición daquelas que non se axustasen á lexislación. Isto supuña o triunfo do programa económico da UGT, en especial no referente ao control estatal da economía republicana<sup>86</sup>.

#### **b. Colectividades en Castela-A Mancha: a colectivización agraria**

Un caso totalmente oposto a Cataluña, tanto no desenvolvemento das colectivizacións como nas condicións en que se estableceron, é o das provincias que actualmente forman Castela-A Mancha. Nesta rexión, as colectivizacións foron fundamentalmente agrarias, ao ser unha rexión na que predominaba o sector primario, e a UGT, a través da FNTT, tivo un papel moito máis importante ca en Cataluña.

O papel da FNTT veu determinado pola súa preponderancia entre os campesiños castelán-manchegos, xa que tiña 106.000 afiliados na rexión en 1936 -sen contar a provincia de Ciudad Real-, unha cifra que aumentara bastante desde os 38.000 que se rexistraran en 1932 -sen contar Albacete-. A CNT tiña moita menor implantación: en 1931 contaba con 22 sindicatos e menos de 2.000 afiliados, e non tiña presenza en Guadalajara nin en Toledo. En maio de 1936, no Congreso de Zaragoza, había na rexión un total de 26 sindicatos e o número de afiliados ascendía a 2.264. Os militantes cenetistas estaban concentrados nunhas poucas localidades: Puertollano e Membrilla -onde había un

---

<sup>84</sup> *Ibid.*, pp. 78-83.

<sup>85</sup> *Ibid.*, pp. 84, 109-110.

<sup>86</sup> *Ibid.*, pp. 34-35.

sindicato adherido á CNT desde 1920-, Brihuega en Guadalajara, e Tarancón e a capital provincial en Cuenca, que tiñan 1.100 militantes<sup>87</sup>. En Albacete, unicamente había pequenos grupos que case non se fixeron notar durante o período. En Villamalea a CNT era minoritaria e tiña pouca base social, fronte a unha UGT que abranguía a case todos os xornaleiros e pequenos campesiños da localidade<sup>88</sup>. En La Roda, o sindicato obreiro de maior arraigo era a UGT, mentres que tamén existía a Sociedad de Labradores de Santa Marta, sindicato católico. A CNT non existía na localidade até a guerra<sup>89</sup>.

En canto á colectivización no campo castelán-manchego, confirmanse as palabras de Jacques Maurice citadas anteriormente: o 18 de xullo xa había colectividades agrarias impulsadas pola FNTT en fincas entregadas polo IRA, nas provincias de Ciudad Real e Toledo<sup>90</sup>.

O golpe na rexión transcorreu de maneira distinta segundo as provincias. En Guadalajara, a guarnición militar sublevouse, xunto coa Garda Civil e a Guardia de Seguridad, dominando a cidade o 21. Mais dous días despois, a cidade foi tomada por columnas de milicianos procedentes de Madrid. Nos primeiros meses da guerra formouse unha fronte ao norte da provincia, despois da toma de Sigüenza polos sublevados, que se mantería durante o resto da guerra. En Toledo, o xeneral sublevado Moscardó resistiu no Alcázar ante as embestidas dos republicanos ata que as tropas sublevadas comandadas por Franco, Varela e Yagüe, que xa tomaran Talavera vindo de Extremadura, derrotan aos republicanos a finais de setembro e “liberan” o Alcázar. A zona da provincia ao norte do Texo quedará en mans sublevadas, mentres que o resto estivo na zona republicana. En Cuenca e Ciudad Real nin sequera houbo sublevación<sup>91</sup>.

Como xa vimos, a sublevación provocou un baleiro de poder na zona republicana, que os campesiños aproveitaron para ocupar as terras e explotalas colectivamente, como solución de continuidade na dinámica de ocupación e incautación de terras que se viña

---

<sup>87</sup> Rodrigo González, Natividad, *op. cit.*, pp. 29-31; Souchy Bauer, Agustín e Paul Folgare, *Colectivizaciones. La obra constructiva de la revolución española*, Fontamara, Barcelona, 1977, p. 233.

<sup>88</sup> Sanz Díaz, Benito, “Las colectividades campesinas durante la guerra civil española: Villamalea (1936-39)”, *Al-Basit*, no. 5, 1978, p. 120.

<sup>89</sup> Parreño Tébar, Carmen María, *op. cit.*, pp. 58, 61-62.

<sup>90</sup> Rodrigo González, Natividad, *op. cit.*, p. 43., 67-68

<sup>91</sup> *Ibid.*, pp. 47-49.

producindo desde o triunfo da Fronte Popular. O goberno da Fronte Popular viuse obrigado a legalizar os feitos consumados. O primeiro decreto promulgouse o 8 de agosto, sendo ministro de Agricultura Mariano Ruiz-Funes (IR), para garantir a colleita de verán. Todos os propietarios, colonos ou arrendatarios que abandonasen as súas terras deixando os labores de explotación que estaban realizando ata o 18 de xullo, serían privados delas temporalmente. Os alcaldes eran nomeados “delegados especiais” do IRA, coa obriga de facer cumprir o decreto. Isto significaba a legalización das incautacións, mais o IRA debía examinalas individualmente. En todo caso, foron poucas as incautacións rexeitadas. O decreto non facía referencia ao sistema de explotación das terras incautadas, que de feito se estaban traballando colectivamente<sup>92</sup>.

O segundo decreto é do 7 de outubro, sendo ministro de Agricultura Vicente Uribe (PCE), no goberno de Largo Caballero. Os comunistas pretendían entregar gratuitamente aos campesiños, facéndoos propietarios, as terras confiscadas aos terratenentes e latifundistas implicados na sublevación. Os republicanos opuxéronse ao proxecto, mentres que os socialistas opuxéronse ao reparto, apostando pola nacionalización. Foi o que sucedeu finalmente: expropiáronse sen indemnización e a favor do Estado todas as terras pertencentes a propietarios afectados á insurrección de xullo, entregándose en usufruto a perpetuidade ás organizacións de obreiros agrícolas, braceiros e campesiños dos concellos onde estivesen situadas. Estes podían decidir voluntariamente cultivalas de forma colectiva ou individual, e recibirían a asesoría e axuda técnica e material do IRA<sup>93</sup>. Para determinar as persoas ás que se aplicaba o decreto, formaríanse unhas Xuntas Cualificadoras Municipais, integradas por representantes do concello, da Fronte Popular, das organizacións obreiras e dos pequenos propietarios e colonos. Na práctica, estas Xuntas trataron moito en constituírse. Á parte, os campesiños colectivistas non vían clara a necesidade de revisar as incautacións xa efectuadas<sup>94</sup>.

Nalgún caso, temos constancia da existencia de violencia “revolucionaria” previa á colectivización. Isto foi o que sucedeu en Cardenete (Cuenca), cun alcalde socialista que

---

<sup>92</sup> *Ibid.*, pp. 53-54.

<sup>93</sup> Hernández Sánchez, Fernando, *El PCE en la Guerra Civil*, Universidad Nacional de Educación a Distancia, Tese de Doutoramento, 2010, pp. 191-192.

<sup>94</sup> Rodrigo González, Natividad, *op. cit.*, p. 57.

fundara a UGT na vila, e a onde chegaron milicianos cenetistas da capital provincial despois do golpe, detendo 30 “dereitistas” e fusilando a 12. A partir das disposicións legais sobre colectivizacións, o alcalde, que lera libros sobre os experimentos soviéticos e as obras de Joaquín Costa, usou a súa prerrogativa como delegado local do IRA para, ante as noticias de que se estaban creando colectividades no resto da zona republicana, fundou a colectividade coas terras dos dereitistas detidos, ingresando nela unha maioría de xornaleiros sen terras e unha pequena parte dos pequenos propietarios da vila. En total, pertencían á colectividade unha cuarta parte dos habitantes<sup>95</sup>.

En canto ao funcionamento das colectividades agrícolas, este era, nos aspectos orgánicos, similar ao das colectividades industriais barcelonesas: unha asemblea reuníase para decidir a colectivización das terras e do gando incautados polas organizacións campesiñas e daquelas que os seus propietarios achegasen voluntariamente. As asembleas eran abertas a todos os veciños, se ben os que non pertencían á colectividade -chamados “individualistas”- non tiñan voto. O órgano directivo da colectividade era o consello ou comité de administración, elixido pola asemblea, que podía derrogalo. Estaba formado por un presidente, un secretario e, dependendo do tamaño da colectividade, un contábel e varios delegados e vogais. O presidente adoitaba ser a persoa máis destacada do sindicato maioritario na localidade. Para os cargos de secretario e contábel elixíanse a persoas con formación técnica, sen importar tanto a afiliación. En Valdeconcha (Guadalajara), o secretario era un coñecido dereitista da vila. Os delegados tiñan a función de controlar o funcionamento dunha parcela da colectividade -agricultura, gandaría, abastos etc.-, de igual forma ca nas colectividades empresariais. Os cargos políticos da colectividade adoitaban renovarse con frecuencia, cousa que non pasaba cos cargos técnicos. Estes cargos eran remunerábeis só se os seus ocupantes non traballaban na colectividade como obreiros. Os seus soldos non eran maiores ca os do resto de colectivistas, chegando até o extremo de que en Tomelloso cobraban incluso menos cós demais. A cada colectivista, ao entrar na colectividade, entregábaselle un vale onde constaban os bens que achegaba -

---

<sup>95</sup> Fraser, Ronald, *Recuérdalo tú y recuérdalo a otros. Historia oral de la Guerra Civil española*, Crítica, Barcelona, 2001, pp. 809-811.

terras, apeiros de labranza, animais...-, de forma que se o campesiño quería abandonar a colectividade entregábaselle o que tivese achegado<sup>96</sup>.

En Castela-A Mancha, a maioría das colectividades formáronse con patrimonio incautado, aínda que aos poucos fóronse engadindo as pequenas propiedades dos campesiños que se unían a elas, como apuntamos anteriormente. Nalgúns casos, a colectividade constituíase exclusivamente con terras achegadas polos seus membros.

En canto aos métodos de traballo, a terra colectivizada dividíase en zonas de cultivo, e cada unha delas asignábase a un grupo de traballadores, encabezado por un “encargado”. Se o traballo estaba lonxe da casa, a colectividade encargábase do transporte. A duración da xornada de traballo dependía da colectividade e doutros factores, aínda que adoitaba ser de 8 horas. Na época de sementeira ou de recolección non existía un horario fixo, e se faltaban traballadores, os presentes prolongaban as súas xornadas. A colectividade non podía contratar obreiros eventuais. Só se coñece un caso, en Membrilla (Ciudad Real), onde se contrataba durante a recolección aos pequenos propietarios individualistas, que recibían o mesmo salario cós colectivistas.

En troques, era moi común que os traballadores dunha colectividade, ao acabar as súas faenas, fosen axudar a outras que tiñan escaseza de man de obra. Nas colectividades tamén traballaron “brigadas de traballo voluntario”, que axudaban nas tarefas agrícolas nos lugares onde por causa da guerra faltaba man de obra. Na súa maioría, estaban compostas por membros das Juventudes Socialistas Unificadas (JSU). Os nenos en xeral non traballaban, xa que estaban obrigados a ir á escola, mais podían incorporarse ao traballo se a colectividade o requiría. A xubilación estaba prevista aos 60 anos, mais non era obrigatoria. Moitas colectividades botaron man dos xubilados, sobre todo pola escaseza de homes, que estaban na fronte<sup>97</sup>.

Cada colectivista recibía un salario. En Castela-A Mancha, na maioría das colectividades usábase o diñeiro, sendo excepciónais os casos onde se aboliu -Membrilla, vila de tradición anarquista, ou Cardenete-; nese caso usábanse vales canxeables por diñeiro.

---

<sup>96</sup> Rodrigo González, *op. cit.*, pp. 70-73.

<sup>97</sup> *Ibid.*, pp. 74-76.

Pagábase por semanas ou por meses, e incluíanse os domingos, festivos e días de baixa por enfermidade. Abonábase durante todo o ano, independentemente da carga de traballo. No caso de que un colectivista estivese na fronte ou morrese, a familia recibía o salario íntegro<sup>98</sup>.

En canto á cantidade aboada, houbo dous tipos de colectividades: aquelas nas que todos os colectivistas cobraran o mesmo, independentemente da súa situación, e aquelas nas que cada colectivista cobraba segundo a súa situación familiar. Outro factor era a situación económica da colectividade: nas colectividades “ricas”, os campesiños cobraban máis ca nas “pobres”<sup>99</sup>.

Á parte do salario, a colectividade podía proporcionar gratuitamente alimentos -pan, leite, viño...- ou servizos como médico, farmacia, escola ou oficios que se tivesen colectivizado<sup>100</sup>.

- Nos municipios onde non había escola, foi a colectividade quen a impulsou, permitindo a asistencia incluso aos fillos dos individualistas. Nalgunhas colectividades realizáronse cursos de alfabetización, bibliotecas e charlas de orientación sindical e ideolóxica.
- Ademais da asistencia sanitaria, os medicamentos tamén corrían a cargo da colectividade. No caso de necesitar alguén ir a un especialista, a colectividade tamén financiaba os gastos<sup>101</sup>.

En canto ao papel da muller, estaba reducido ao de mera colaboradora nos labores do campo. Case non houbo mulleres nos órganos de dirección. O máis habitual era que participasen unicamente durante a recolección ou en calquera outro momento no que fose necesario aumentar o número de traballadores. En 1938 as mulleres, xunto cos anciáns, incorpóranse masivamente ás tarefas do campo, como consecuencia da incorporación á fronte dos homes<sup>102</sup>.

---

<sup>98</sup> *Ibid.*, pp. 76-77; Fraser, Ronald, *op. cit.*, p. 811.

<sup>99</sup> Rodrigo González, Natividad, *op. cit.*, p. 77.

<sup>100</sup> *Ibid.*, p. 78.

<sup>101</sup> *Ibid.*, pp. 81-82; Fraser, Ronald, *op. cit.*, p. 812.

<sup>102</sup> Rodrigo González, Natividad, *op. cit.*, pp. 78, 80.

Nas vilas onde houbo colectividade creáronse cooperativas de consumo, que comercializaban o que producía a colectividade e subministrábanlles aos colectivos aquilo que necesitasen, polo que o comercio privado deses municipios sufriu unha mudanza profunda. Nas localidades grandes persistiu o comercio privado ao lado da cooperativa, mentres que nas pequenas desapareceu, e as cooperativas encargábanse da comercialización dos produtos dos individualistas. Intentouse no posíbel eliminar os intermediarios, e chegar a unha relación máis directa entre produtor e consumidor. O comercio entre as colectividades facíase mediante o intercambio directo, sendo moi corrente o troco.

En moitas colectividades, os campesiños levaron a cabo melloras técnicas: construción de pequenas presas para o regadío, arranxo de canles, uso de fertilizantes e material químico para mellorar os cultivos, novas instalacións para o gando.... En Miralcampo (Guadalajara) canalizouse o río Henares. Fronte ás actuacións luditas de moitos campesiños durante a República, que destruían a maquinaria agrícola, agora esta era usada sen problema nas colectividades.

A pesar de que o gando estaba colectivizado, algunhas colectividades permitían aos seus membros ter un curral na casa para autoconsumo<sup>103</sup>.

A extensión das colectividades foi moi variada. Nalgúns casos abrangúan un só predio - Miralcampo, que anteriormente pertencía ao conde de Romanones-, mentres que noutros abrangúan todas as terras colectivizadas dun termo municipal<sup>104</sup>.

#### **i. Tipos de colectividades: uxetistas, cenetistas, mixtas e outros casos**

As características das colectividades variaban en certos aspectos, dependendo da central sindical baixo a que se realizaba a colectivización. Isto é extensíbel a toda a zona republicana. En todo caso, a partir de 1937 nalgunhas provincias as dúas centrais asinaron acordos para levar a cabo unha política agraria parecida e defender as colectivizacións dos ataques que se lanzaban contra elas. En Cuenca acordaron elaborar e aprobar un

---

<sup>103</sup> *Ibid.*, pp. 80-81.

<sup>104</sup> *Ibid.*, pp. 83, 126.

regulamento para o desenvolvemento do traballo colectivo, no cal se estipulaba que todo o incautado había de ser colectivizado. Non sabemos se este regulamento común se aplicou na realidade<sup>105</sup>.

No marco institucional do IRA e no seu reconto estatístico recóllense tres formas de colectivización<sup>106</sup>:

- a) Colectividades da UGT-FNTT: as primeiras colectividades aparecen de forma espontánea, xa que o sindicato non dá indicacións sobre o tema até o outono. Entón, pronúncianse en contra da colectivización pola forza, e decídese pola axuda e asistencia eficaz, o fomento das cooperativas e o respecto á pequena propiedade. Aínda que a orientación e a intención inclinan ao fomento do colectivismo, na práctica predomina o mero cooperativismo. A FNTT elaborou un “Regulamento tipo” que enviou a todas as súas seccións, e que rexeu colectividades, cooperativas etc., sen case enfrontamentos entre colectivistas e individualistas.
- b) Colectividades da CNT: nestas dedúcese máis claramente a espontaneidade, xunto á falta de planificación ou de organización concreta a pesar de contadas excepcións. Co tempo, a Federación Regional de Campesinos del Centro, creada en 1937, elaborou un Estatuto único, que se enviou a todas as colectividades para que se rexesen por el. Obsérvase, polo menos como tendencia, a preocupación por unha organización solidaria, de abaixo arriba; a contraposición entre Revolución e Estado; a diferenciación entre as “colectividades agrarias” interesadas na explotación colectiva da terra e as que practicaban o “comunismo libertario”; a esperada revolución social capaz de controlar o poder municipal, dirixir a incautación de toda a riqueza e organizar a colectivización total conforme aos principios anarquistas. Estas últimas duraron moi pouco, evolucionando cara a meras colectividades agrícolas. En Castela-A Mancha, a única colectividade onde se chegou a implantar o comunismo libertario foi Membrilla, onde todas as actividades da vila estaban unidas ao sindicato.

---

<sup>105</sup> Rodrigo González, Natividad, *op. cit.*, pp. 84-85.

<sup>106</sup> *Ibid.*, pp. 90-92; Sánchez Jiménez, José, *op. cit.*, pp. 69-70.

- c) Colectividades mixtas. Foron realizadas fundamentalmente pola UGT e a CNT, aínda que outras tamén pola conxunción do PCE e a UGT. Para a súa constitución, as dúas centrais chegaron ao acordo de incautar e colectivizar xuntas a terra. Os cargos directivos repartíanse por metades exactas, alén do número de afiliados de cada central, para evitar o predominio dunha sindical sobre outra e os conseguintes receos.

Un cuarto tipo do que non dá conta Sánchez Jiménez son as escasas colectividades que houbo do PCE, de cuxa existencia temos constancia en Ciudad Real: a “Comuna Stalin” da capital provincial, a “Comuna Uribe” de Criptana ou a “Comuna Stalin” de Daimiel. Estas colectividades creáronse tardiamente, a finais de 1936 ou principios de 1937. Estas colectividades adecuábanse ao programa colectivista do PCE, o cal defendía a pequena propiedade agraria, a creación de colectividades pequenas, e a tutela institucional do colectivismo, rexeitando a autoridade de comités<sup>107</sup>.

## **Conclusiones**

Normalmente, unha das cuestións que se formula é se as colectividades triunfaron ou, polo contrario, foron un experimento fracasado. Esta formulación obvia o feito de que as colectivizacións se produciron nun contexto excepcional e tremendamente difícil para o desenvolvemento de calquera actividade económica como é unha guerra civil. Tampouco parece axeitado xulgar as colectividades polos seus resultados económicos, por similares razóns. Mais si que podemos aventurar unha conclusión: as colectividades foron unha realización revolucionaria acometida, ou polo menos comandada, por obreiros e campesiños conscientes, militantes de organizacións revolucionarias, que pretendían facer realidade os seus soños de transformar a sociedade na que vivían, de construír un mundo mellor, no que non houbera explotadores nin explotados. Outro aspecto é até que punto conseguiron eses obxectivos.

---

<sup>107</sup> Trujillo Díez, Iván Jesús, *op. cit.*, pp. 34-35.

En definitiva, as colectividades agrarias e industriais na Guerra Civil constitúen un tema moi interesante, no que queda moito por aprofundar. Esperemos que nun futuro poidamos coñecer máis sobre este aspecto tan particular da nosa historia recente.

### **Bibliografía**

Alba, Víctor (pseudónimo de Pere Pagès i Elies), *Los colectivizadores*, Laertes, Barcelona, 2001.

Aróstegui, Julio, “Burnett Bolloten y la Guerra Civil Española: La persistencia del “Gran Engaño””, *Historia Contemporánea*, no. 3, 1990, pp. 151-180.

Beltrán de Felipe, Miguel, “El Derecho y la Guerra Civil española. La colectivización del campo en La Mancha, 1936-1939”, *Revista de Estudios Políticos*, no. 127, 2005, pp. 179-193.

Bernecker, Walther L., “El anarquismo en la guerra civil española. Estado de la cuestión”, *Cuadernos de historia contemporánea*, no. 14, 1992, pp. 91-116.

Berruezo, José, *Por el sendero de mis recuerdos (1920-1939)*, Grupo de Estudios Histórico-Sociales, Santa Coloma de Gramanet, 1987.

Bosch Sánchez, Aurora, *Ugetistas y libertarios: Guerra civil y Revolución en el País Valenciano, 1936-1939*, Institució “Alfons el Magnànim” Diputació Provincial de València, Valencia, 1983.

Bosch Sánchez, Aurora, “Las colectivizaciones: estado de la cuestión y aspectos regionales” en VVAA, *La II República, una esperanza frustrada: actas del Congreso Valencia Capital de la República (Abril 1986)*, Edicions Alfons el Magnànim, Valencia, 1987, pp. 147-168.

Brenan, Gerald, *El laberinto español. antecedentes políticos y sociales de la Guerra Civil*, Diario Público, s. l., 2011, Vol. II.

Calero Delso, Juan Pablo, *El gobierno de la anarquía*, Síntesis, Madrid, 2011.

Cárdaba Carrascal, Marciano, “Col·lectivisme agrari a Garrigàs”, *Annals de l’Institut d’Estudis Empordanesos*, no. 30, 1997, pp. 273-294.

- Cárdaba Carrascal, Marciano, *Colectividades agrarias en las comarcas de Girona, 1936-1939*, Tese de doutoramento, Universitat de Girona, 2001.
- Cárdaba Carrascal, Marciano, “Figueres i la guerra civil, 1936-1939”, *Annals de l’Institut d’Estudis Empordanesos*, no. 44, 2013, pp. 189-206.
- Casanova, Julián, *Anarquismo y revolución en la sociedad rural aragonesa, 1936-1938*, Siglo Veintiuno de España, Madrid, 1985.
- Castells Duran, Antoni, *Les col·lectivitzacions a Barcelona 1936-1939*, Hacer, Barcelona, 1993.
- Castells Duran, Antoni, *El proceso estatizador en la experiencia colectivista catalana (1936-1939)*, Nossa y Jara, Madrid, 1996.
- Cattini, Giovanni C. e Carles Santacana, “El anarquismo durante la Guerra Civil. Algunas reflexiones historiográficas”, *Ayer*, no. 45, 2002, pp. 197-219.
- Elizalde, José, Violaine Delahegue e Jean-Louis Delahegue, « L’autogestion a l’heure espagnole », *Autogestions*, no. 7, 1981, pp. 347-363.
- Fàbregas, Joan P., *Els factors econòmics de la revolució*, Bosch, Casa Editorial, Barcelona, 1937.
- Fraser, Ronald, *Recuérdalo tú y recuérdalo a otros. Historia oral de la Guerra Civil española*, Crítica, Barcelona, 2001
- Guillamón, Agustín, *Los comités de defensa de la CNT en Barcelona*, Alejandria Proletaria, Valencia, 2018, <  
[https://grupgerminal.org/?q=system/files/2018.comitesdefensa.5edi.guillamon\\_1.pdf](https://grupgerminal.org/?q=system/files/2018.comitesdefensa.5edi.guillamon_1.pdf)>  
[consulta 5 de xullo de 2024].
- Gutiérrez Molina, José Luis, “Díez Torre, Alejandro R., *Trabajan para la eternidad. Colectividades de trabajo y ayuda mutua durante la Guerra Civil en Aragón*. Madrid, La Malatesta Editorial/ Prensas Universitarias de Zaragoza, 2009, 540 pp.”, *Historia Actual Online*, no. 20, 2009, pp. 213-216.

Hernández Sánchez, Fernando, *El PCE en la Guerra Civil*, Universidad Nacional de Educación a Distancia, Tese de Doutoramento, 2010.

Maurice, Jacques, “Problemática de las colectividades agrarias en la Guerra Civil”, *Agricultura y Sociedad*, no. 7, 1978, pp. 53-85.

Maurín, Joaquín, *Revolución y contrarrevolución en España*, Ruedo Ibérico, París, 1966.

Ovejero, Anastasio, “Las colectividades libertarias en España (1936-1938): un caso de autogestión obrera único en la historia moderna”, *Athenea Digital*, Vol. 17, no. 2, 2017, pp. 201-235.

Parreño Tébar, Carmen María, *II República y Guerra Civil en La Roda, Albacete, 1931-1939*, Instituto de Estudios Albacetenses “Don Juan Manuel”, Albacete, 2021.

Peirats, José, *La CNT en la revolución española*, Ruedo ibérico, París, 1971, Tomo 1.

Pérez Baró, Albert, *Treinta meses de colectivismo en Cataluña (1936-1939)*, Ariel, Esplugues de Llobregat, 1974.

Puig Vallverdú, Guillem, “Les col·lectivitats agràries a la Ribera d’Ebre durant la Guerra Civil (1936-1938)”, *Miscel·lània del CERE*, no. 26, 2016, pp. 153-168.

Puig Vallverdú, Guillem, *La pagesia i la seva revolució. Una anàlisi sobre la conflictivitat i el canvi a la rereguarda catalana durant la Guerra Civil, 1936-1939*, Universitat Rovira i Virgili, Tese de Doutoramento, 2020.

Puig Vallverdú, Guillem, “La terra en comú. La col·lectivització agrària a Catalunya durant la Guerra Civil, 1936-1939”, *Segle XX. Revista catalana d’història*, no. 13, 2020, pp. 51-71.

Rodrigo González, Natividad, *Las colectividades agrarias en Castilla-La Mancha*, Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha, Toledo, 1985.

Sánchez Jiménez, José, “Las colectividades agrarias durante la Guerra Civil”, *Anales de Historia Contemporánea*, no. 7, 1989, pp. 49-72.

Sanz Díaz, Benito, “Las colectividades campesinas durante la guerra civil española: Villamalea (1936-39)”, *Al-Basit*, no. 5, 1978, pp. 119-130.

Sebastián Ibarrola, David e Juan Ignacio Torres Aimú, “Broué, Pierre y Témime, Emile (1962) *La Revolución y la Guerra de España*. México D.F.: Biblioteca Actual. Tomos I y II. 711 páginas”, *Cuadernos de Marte*, no. 11, Vol. 2, 2016, pp. 38-40.

Seidman, Michael, “Trabajo y revolución. El control de los trabajadores en Barcelona durante la Guerra Civil española, 1936-38”, *Áreas. Revista internacional de Ciencias Sociales*, no. 1, 1981, pp. 65-87.

Seidman, Michael, *Los obreros contra el trabajo. Barcelona y París bajo el Frente Popular*, Pepitas de Calabaza, Logroño, 2014.

Serrano Villafañe, Emilio, “JOHN BRADEMÁS : *Anarcosindicalismo y revolución en España (1930-1937)*. Traducción castellana de J. ROMERO MAURA. Editora Ariel. Esplugas de Llobregat, 1974; 295 págs.”, *Revista de Estudios Políticos*, no. 211, 1977, pp. 285-290.

Souchy Bauer, Agustín e Paul Folgare, *Colectivizaciones. La obra constructiva de la revolución española*, Fontamara, Barcelona, 1977.

Thomas, Hugh, *La Guerra Civil española*, Debolsillo, s. l., 2011.

Trujillo Díez, Iván Jesús, “El colectivismo agrario comunista en Ciudad Real”, *Añil Cuadernos de Castilla-La Mancha*, no. 27, 2004, pp. 34-35.

Venza, Claudio, “Il sogno collettivista. Recenti studi sull’esperienza autogestionaria nella guerra civile spagnola”, *Spagna contemporanea. Revista semestrale di storia, cultura, istituzioni*, no. 1, 1992, pp. 99-116.